

OFERTA FORMATIVA BACHARELATO

Curso 2026-2027



- Cadros das modalidades de Bacharelato (Artes, Hum. e CCSS e Ciencias e Tecn.)
- Descritores de materias de modalidade, de opción e optativas

J. Martín Sarmiento

Índice

OFERTA FORMATIVA DE 1º BACHARELATO.....	3
1º Bach. Artes Vía: Artes plásticas, imaxe e deseño	3
1º Bach. Artes Vía: Música e Artes Escénicas	4
1º Bach. Humanidades e Ciencias Sociais.....	5
1ºBach. Ciencias e Tecnoloxía	6
Anatomía Aplicada.....	7
Antropoloxía.....	8
Análise musical I e II.....	9
Artes Escénicas I e II	10
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	11
Coro e Técnica Vocal I e II	12
Cultura audiovisual.....	13
Cultura científica	14
Debuxo Artístico I e II	15
Debuxo Técnico Aplicado ás Artes e ao Deseño I e II	16
Debuxo Técnico I e II	17
Economía.....	18
Física e Química.....	19
Francés I e II.....	20
Grego I.....	21
Historia do Mundo Contemporáneo	22
Latín I.....	23
Linguaxe e práctica musical	24
Literatura galega do S. XX e da Actualidade	25
Literatura Universal	26
Matemáticas I.....	27
Matemáticas aplicadas ás CCSS I.....	28
Tecnoloxía e Enxeñaría I.....	29
TICS I	30
Proxectos artísticos.....	31
Volume	32

OFERTA FORMATIVA DE 2º BACHARELATO.....	33
2º Bach. Artes ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO	33
2º Bach. Artes MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS	34
2º Bach. Humanidades e Ciencias Sociais.....	35
2º Bach. Ciencias e Tecnoloxía	36
Análise musical I e II	37
Artes Escénicas I e II	38
Bioloxía	39
Coro e Técnica Vocal I e II	40
Debuxo Artístico I e II	41
Debuxo Técnico Aplicado ás Artes e ao Deseño I e II	42
Debuxo Técnico I e II	43
Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	44
Deseño	45
Física e Química	46
Francés I e II	47
Fundamentos Artísticos	48
Grego II.....	49
Historia da Arte.....	50
Latín II.....	51
Historia da Música e da Danza	52
Literatura dramática	53
Matemáticas II.....	54
Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II.....	55
Métodos Estatísticos e Numéricos	56
Psicoloxía	57
Técnicas de Expresión gráfico-plástica	58
Tecnoloxía e Enxeñería.....	59
TICS II	60
Xeografía.....	61
Xeoloxía	62

☒ **AO FINAL DO DOCUMENTO PODES CONSULTAR AS PONDERACIÓNS PARA O
ACCESO Á UNIVERSIDADE DO CURSO 2026-2027**

J. Martín Sarmiento



OFERTA FORMATIVA DE 1º BACHARELATO

MATERIAS POR MODALIDADES PARA O CURSO 2025-2026

Materias comúns	Educación Física (3h) Filosofía (3h) Inglés I (3h) Lingua Castelá e Literatura I (3h) Lingua Galega e Literatura I (3h)
----------------------------	--

1º Bach. Artes Vía: Artes plásticas, imaxe e deseño	
2 materias de modalidade (8 horas)	Debuxo artístico I Debuxo técnico aplicado ás Artes e ao Deseño.
1 materia de opción Elixir unha: (4 horas)	Volume Proxectos artísticos Cultura audiovisual
Optativa: Elixir unha: (4 horas)	Anatomía Aplicada Antropoloxía Cultura Científica Francés I (2ª Lingua Estranxeira) Lit. Galega S. XX e da actualidade Cultura audiovisual Coro e técnica vocal I Literatura Universal Historia do mundo contemporáneo
Elixir unha: (1 hora)	Atención educativa Relixión



1º Bach. Artes	
Vía: Música e Artes Escénicas	
VÍA MUSICAL	
16 horas (Non é posible escoller materias)	Análise musical I Linguaxe e práctica musical Coro e técnica vocal I Artes escénicas I
VÍA ARTES ESCÉNICAS	
1 materia de modalidade: (4 horas):	Artes escénicas I
Materia de opción da modalidade: Elixir <u>dúas</u> (8 horas)	Análise musical I Coro e técnica vocal I Cultura audiovisual Linguaxe e práctica musical
Optativa: Elixir <u>unha</u> (4 horas)	Anatomía Aplicada Antropoloxía Cultura Científica Francés I (2ª Lingua Estranxeira) Lit. Galega S. XX e da Actualidade Cultura audiovisual Coro e técnica vocal I Literatura Universal Historia do mundo contemporáneo
Elixir <u>unha</u>: (1 hora)	Atención educativa Relixión



1º Bach. Humanidades e Ciencias Sociais

Materias de modalidade <u>Elixir entre:</u> (4 horas)	Latín I Matemáticas Aplic. ás CCSS
Elixir dúas materias de opción de modalidade (8 horas):	Economía Grego I Historia do Mundo Contemporáneo Literatura Universal
Optativa: <u>Elixir unha</u> (4 horas)	Anatomía Aplicada Antropoloxía Cultura Científica Francés I (2ª Lingua Estranxeira) Lit. Galega S. XX e da Actualidade TIC I Cultura audiovisual Coro e técnica vocal I Economía Literatura Universal Historia do mundo contemporáneo
<u>Elixir unha:</u> (1 hora)	Atención educativa Relixión



1ºBach. Ciencias e Tecnoloxía	
Materia obrigatoria de modalidade (4 horas)	Matemáticas I
Materia de opción de modalidade (4 horas)	Física e Química
Materias de opción de modalidade Elixir unha: (4 horas)	Biología e Xeoloxía Debuxo Técnico I Tecnoloxía e Enxeñaría I
Optativa Elixir unha: (4 horas)	Anatomía Aplicada Antropoloxía Cultura Científica Francés I (2ª Lingua. Estranxeira) TIC I Cultura audiovisual Coro e técnica vocal I Economía *Unha das materias de opción da modalidade de ciencias (Biología, Debuxo Técnico I, Tecnoloxía e Enxeñaría).
Elixir unha: 1 hora	Atención educativa Relixión



Anatomía Aplicada



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia estudarás a organización do corpo humano e os seus sistemas: dixestivo, circulatorio, respiratorio, uroxenal, locomotor e os sistemas de coordinación e regulación. Tamén abordarás a expresión corporal, enfermidades relacionadas e hábitos saudables para mantemento do organismo.

Que vou facer? Como me van avaliar?

As explicacións por parte do profesor alternaranse con proxectos de investigación, prácticas de laboratorio e actividades enfocadas na indagación e comprensión dos conceptos. Estas actividades estarán deseñadas para favorecer a comprensión, relación e expresión dos temas tratados, fortalecendo o pensamento crítico, creativo e científico do alumnado.

Criterios de cualificación: probas escritas (70%), proxectos científicos (20%), actividades e prácticas de laboratorio (10%).

Nota: as probas escritas serán accesibles e deseñadas para facilitar que o alumnado poida superar a materia sen esforzos excesivos. Trátase dunha materia optativa, polo que se busca que sexa amena e doada de aprobar, asegurando unha experiencia positiva para os estudantes.


Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Está moi vinculada ás carreiras das Ciencias da Saúde, como Medicina, Fisioterapia, Enfermería etc. Tamén é recomendable para estudantes que planeen cursar Ciencias do Deporte ou Psicoloxía. Ademais, resulta unha opción interesante para calquera persoa que desexa comprender en maior profundidade o funcionamento do seu organismo, así como previr enfermidades e adoptar hábitos saudables para unha vida equilibrada.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Se necesitas máis información, a profesora Chus estará dispoñible para responder ás túas dúbidas, así como calquera docente de Bioloxía e Xeoloxía e o equipo de Orientación.

Antropoloxía



A Antropoloxía explora ao ser humano en todas as súas dimensións para profundar na nosa esencia, no que significa ser un ser humano. Esta materia é unha invitación a mirar a realidade con novos ollos, a cuestionar os nosos prexuízos comprendendo que cada cultura ten algo que ensinar. A antropoloxía é a clave para entender que nos une e que nos distingue a todos os seres humanos.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Investigarás as nosas orixes, culturas e formas de vida, descubriendo como evolucionamos e como construímos sociedades ao longo da historia. Por que somos como somos? De onde veñen as nosas crenzas? Que nos fai diferentes e ao mesmo tempo iguais?...

Aprenderás sobre diferentes enfoques da antropoloxía física, social e cultural, explorando dende as pegadas dos primeiros homínidos ata os desafíos das sociedades modernas. Analizarás temas como a linguaxe, os ritos, a identidade e os mitos que definen comunidades. Máis que estudar datos, mergullaraste na diversidade humana, reflexionarás sobre como o mundo nos moldea, pero tamén en como nós moldeamos o mundo.

Que vou facer? Como me van avaliar?

A materia avaliarase a través dos traballos de investigación, o traballo na aula e a resolución de probas sinxelas de comprensión e aplicación dos contidos teóricos coas que se conectará teoría e práctica.

Porase o foco no desenvolvemento do pensamento crítico e na exploración activa da diversidade cultural. Inclúirá traballos de investigación sobre temas como tradicións, rituais ou prácticas sociais para entender mellor os conceptos fundamentais da antropoloxía científica. Ademais, animarase á análise reflexiva de culturas e sociedades, explorando como os contextos históricos, xeográficos e sociais inflúen na identidade humana. Proxectos prácticos, debates e presentacións fomentarán unha aprendizaxe participativa, enriquecedora e aberta á riqueza cultural humana.

Con que estudos se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A Antropoloxía está estreitamente relacionada con itinerarios educativos centrados en Humanidades, Ciencias Sociais e Historia. Ademais, complementa estudos en Socioloxía, Psicoloxía, Filosofía, Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Políticas.

En canto ás saídas profesionais, a antropoloxía abre portas a campos como a investigación e traballos en ONG, organismos internacionais, museos ou institucións culturais. Tamén permite o acceso á educación, turismo cultural, mediación intercultural e incluso a sectores de xestión da diversidade ou da análise de mercados globais.

O alumnado interesado poderá solicitar máis información no departamento de Filosofía



Análise musical I e II

Primera sección A (Minueto)

Primera subsección. Frase a 4+6+2 de coda

Semifrase ANTECEDENTE 2+2 c. **Semifrase CONSECUENTE 2+2+2**
MENUETTO I **Repetición**

Si bemol mayor
Re-mib
Pedal de dominante

Semifrase CONSECUENTE, contrastante, asimétrica y cerrada
Ampliación interna **Cadencia** **Coda**

Modula a Fa mayor (dominante)

Segunda subsección Frase b 2+4 **Retorno a si bemol mayor (Retromodulación)** **Semicadencia** **Frase a' 4+6**
Si bemol mayor
Retorno a si bemol mayor (Retromodulación)
Si bemol mayor
Si b menor/mayor
Silencio estructural

Semifrase ANTECEDENTE 2+2 c. **Semifrase CONSECUENTE 2+2+2**

Ajuste para cerrar en la tonalidad principal
Segmento añadido de dos compases

Cadencia **Coda**

Musicnetmaterials

Materia progresiva que se imparte en 1º e 2º de BAC. Nela se estuda a evolución da linguaxe e as técnicas de construción musical a través da análise de partituras e/ou audicións. A materia é obrigatoria en selectividade para o alumnado que opte pola vía musical. É moi recomendable ter un nivel de destreza mínimo coas partituras para cursar con facilidade a materia.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

Frei Martín Sarmiento



Artes Escénicas I e II



A materia de **Artes Escénicas** impártese en dous cursos, ao longo dos cales o currículo se desenvolve de forma progresiva. O seu carácter eminentemente práctico convértea nun espazo de experimentación e exploración colectiva, desde o que fomentar o desenvolvemento da expresividade e a creatividade, e descubrir os códigos específicos das artes escénicas, incluídas as performativas. Esa mesma natureza práctica convida a vincular esta materia con outras nas que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

As competencias organízanse en **cinco bloques**:

1. **«Patrimonio escénico»** (atende ás tipoloxías e ás tradicións das artes escénicas, así como aos seus cambios e transformacións ao longo do tempo),
2. **«Expresión e comunicación escénica»** (comprende diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica),
3. **«Interpretación»** (recolle os elementos relativos á recreación e á representación da acción dramática),
4. **«Representación e escenificación»** (engloba os saberes relativos ao espectáculo escénico e ao traballo en grupo), e
5. **«Recepción nas artes escénicas»** (ocúpase do público e das estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas).

A **avaliación** farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

Frei Martín Sarmiento



Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia, estudarás a organización e evolución dos seres vivos, as adaptacións dos vexetais e animais, así como a importancia dos microorganismos. Explorarás as principais moléculas que fan posible a vida e analizarás os ecosistemas, a súa conservación e os retos ambientais actuais. Ademais, afondarás na xeodinámica interna e externa do planeta.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Nesta materia combinaranse explicacións, prácticas de laboratorio, proxectos de investigación e actividades, nas que se fomentará a indagación, a comprensión e a expresión dos conceptos para a adquisición das competencias clave.

A **cualificación** basearase en exames (80%), presentación de traballos de investigación (10%) e prácticas, actividades e participación diaria (10%).

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Esta materia é fundamental para quen desexa estudar Bioloxía ou Xeoloxía en 2º de Bacharelato.

A Bioloxía é imprescindible para carreiras do ámbito biosanitario como Medicina, Enfermería, Farmacia, Veterinaria, Biotecnoloxía, Enxeñería Xenética etc. Tamén é clave para estudos como Ciencias do Mar, Psicoloxía, Ciencias do deporte, (En todas estas carreiras, a parte de obter a máxima ponderación en selectividade, a Bioloxía é imprescindible para seguir sen problema as materias das carreiras). A Xeoloxía para Ciencias Ambientais ou Enxeñería Ambiental, entre outras.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Para máis información, podes consultar á profesora Chus, ao profesorado de Bioloxía e Xeoloxía ou ao equipo de Orientación.



Coro e Técnica Vocal I e II



A materia de **Coro e Técnica vocal** impártese de forma progresiva en 1º e 2º de Bacharelato. Nela trabállanse **diversas técnicas de canto**, así como o desenvolvemento das **habilidades harmónicas intuitivas a partir da música coral**, e a **interpretación musical** a través do manexo de diversos estilos. Tamén se traballa o **coidado e modulación da voz**, ferramenta fundamental en moitas tarefas profesionais. É conveniente que os alumnos teñan nocións elementais de **afinación vocal**, pero non é imprescindible ter formación musical previa para cursar con éxito a materia.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

Cultura audiovisual



1. Introducción

Gústanche a **fotografía**, o **cine**, as **series**, a **televisión**, a **animación** ou o **son**? Tes interese por coñecer a **historia da fotografía e do cine**, ou por aprender a realizar **proxectos audiovisuais**, mesmo actuar nunha curta, ou traballar na súa banda sonora? Gústache traballar en grupo?

2. Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia vas ter a oportunidade de aprender os **fundamentos da fotografía, o cine e outros formatos audiovisuais**: desde o manexo da cámara, a composición na imaxe, aspectos comunicativos, análise de imaxes e películas e coñecementos sobre a historia destes medios. Vas realizar **proxectos fotográficos** e aprender todos os mecanismos que necesitas para producir, editar, dirixir e realizar un **proxecto audiovisual ou de animación**.

3. Que vou facer? Como me van avaliar?

Vas **facер fotografías, películas ou curtas, animacións e afondar os coñecementos relacionados cos diferentes medios audiovisuais**, así como **desenvolver a túa capacidade crítica e analítica** dos mesmos.

4. Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Estudos relacionados coas Belas Artes, Audiovisuais, Artes escénicas, Fotografía, Xornalismo e Comunicación, Guionismo, Publicidade, Animación 2D e 3D, Iluminación, Producción, Televisión, Son.

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.



Cultura científica



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Esta materia abarca un amplo abanico de temáticas, desde o Universo e a Terra ata a saúde, biomedicina, reprodución e sexualidade, avances tecnolóxicos e coidado do medio ambiente.

Que vou facer? Como me van avaliar?

A materia desenvolverase principalmente a través de proxectos, que permitirán ao alumnado asimilar a información e adquirir as destrezas necesarias para acadar as competencias clave. Os proxectos alternaranse con explicacións por parte do profesorado e con prácticas de laboratorio, garantindo un enfoque dinámico e práctico no proceso de aprendizaxe.

Criterios de cualificación: proxectos (30%), actividades e prácticas de laboratorio (10%), probas escritas (60%).

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Está relacionada cos itinerarios das Ciencias en xeral, ofrecendo unha base sólida para estudantes interesados en temáticas científicas.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Se queres máis información, consulta coa profesora Chus, con docentes de Bioloxía e Xeoloxía ou co equipo de Orientación.

Cómpre destacar que, debido ao número reducido de estudantes, a materia de Cultura Científica podería non ofertarse se xa sae Anatomía Aplicada. Para quen siga a rama biosanitaria, Anatomía Aplicada é a opción máis axeitada.

Debuxo Artístico I e II



A materia de Debuxo Artístico (I e II), permite ao alumnado interesado nas Artes, Deseño e calquera disciplina relacionada co artístico e a creación, **aprender a expresarse a través do debuxo e a pintura empregando unha linguaxe persoal**, utilizando os procedementos e estratexias necesarios para a **comunicación e expresión das ideas a través de imaxes**. Os estudantes aprenderán a recoñecer os recursos, técnicas, materiais e fundamentos das diferentes **manifestacións artísticas ao longo da historia da arte**, coñecementos que se irán experimentando e incorporando na súa práctica artística persoal.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia aprenderás a **expresarse graficamente aplicando diversas técnicas e procedementos, manuais e tecnolóxicos**, aprofundando no concepto e **historia do debuxo e a pintura** e incorporando no seu traballo diferentes recursos de **representación e ordenación do espazo, a luz, a cor, a figura humana**, etc. Asemade, coñecerás e valorarás o uso destes recursos nas obras artísticas ao longo da historia.

Que vou facer? Como me van avaliar?


A través desta materia coñecerás os fundamentos do debuxo e a pintura a través de **clases teóricas e análise de obras artísticas**, así como da **práctica do debuxo e a pintura**. Ademais **desenvolverás a túa capacidade creativa** ao mesmo tempo que aprofundarás nunha busca dunha **linguaxe artística persoal**.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Estudos superiores relacionados coas artes visuais: Belas Artes, Ilustración, Fotografía, Deseño de moda, Deseño gráfico, Deseño de Interiores, Historia da Arte, Arquitectura, Restauración, etc.

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

Debuxo Técnico Aplicado ás Artes e ao Deseño I e II



Introdución

O Debuxo Técnico Aplicado é a ferramenta imprescindible para transformar ideas en proxectos reais. A xeometría, con principios como a simetría, a proporción ou o ritmo, está presente tanto na natureza como nas creacións humanas, inspirando deseños e proxectos dende sempre. Dominar o debuxo técnico axudarache a representar formas, crear obxectos, deseñar espazos e comunicar as túas ideas con precisión e creatividade. É o medio perfecto para transformar o que imaxinas en algo real e concreto. Se estás interesado/a en disciplinas como o deseño, a arquitectura ou as artes plásticas, esta materia será a túa mellor aliada.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Aprenderás a dominar as técnicas de representación tridimensional e bidimensional, como as proxeccións, as perspectivas e os sistemas de representación. Coñecerás como traballar con proporcións, escalas e xeometría, aplicando estes conceptos de forma práctica en creacións artísticas así como no deseño de logotipos, produtos, espazos.... Ademais, descubrirás o potencial de ferramentas tradicionais e dixitais para mellorar os teus proxectos.

Que vou facer? Como me van avaliar?


Aprenderás a ver a xeometría na túa contorna, mellorarás a túa visión espacial e aplicarás con dominio técnico as túas aprendizaxes sobre medida, escala, proporción, simetría, patróns, perspectiva... en deseños, mosaicos, escenografías e outros moitos proxectos. A materia céntrase en traballos prácticos e probas nas que se valorará a precisión e calidade técnica, o proceso de resolución dos retos propostos e a orixinalidade das túas solucións.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Grado en Deseño Gráfico; Graos de Deseño de Interiores, de Moda, Industrial e de Produto; Deseño de Videoxogos, Animación e Entornos interactivos; Grao en Paisaxismo; Grao de Deseño de Interiores. Desempeños profesionais: Escenografía, Modelismo, Mobiliario, Orfebrería, Xoiería...

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

Debuxo Técnico I e II



Introdución

Debuxo Técnico é unha materia esencial para quen teña interese en campos como a **Arquitectura, as Enxeñerías** ou calquera outra disciplina que precise comunicar ideas técnicas e espaciais. É onde se fundamenta debuxo de precisión, empregando **sistemas de representación gráfica** como planos, seccións, perspectivas e proxeccións, que son fundamentais para a **construción de proxectos**. Se che gustan o **deseño, a arquitectura, a lóxica e a precisión**, esta é a túa materia!

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Aprenderás a representar, razoar e resolver graficamente operacións matemáticas e construcións de xeometría plana, proporcións, escalas, formas poligonais, tanxencias, así como a desenvolver a túa capacidade de visión espacial mediante o estudo da xeometría descritiva vistas, perspectivas, cortes, axonometrías.... Tamén coñecerás as normas e convencións gráficas para a correcta realización e interpretación de debuxos e proxectos e poderás introducirte no deseño asistido por ordenador (CAD).

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Realizarás **exercicios prácticos de representación**, resolución de problemas espaciais, debuxos xeométricos e técnicas de representación rigorosa. Avaliaranse a túa precisión, limpeza, comprensión dos contidos e evolución no manexo dos instrumentos (escuadra, cartabón, compás...).

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

“Grao en Estudos de Arquitectura”, “Grao en Arquitectura Técnica” e estudos relacionados co Deseño de Produto Industrial e de Interiores. Enxeñerías: Mecánica, Industrial, Electrónica, Edificación, Obras Públicas...

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

Economía



Que é a Economía?

A materia de Economía axudarache a comprender como funciona o mundo que nos rodea: desde as decisións que toman os gobernos ata os prezos no supermercado. Coñecer os principios económicos básicos permitirache interpretar a actualidade e tomar decisións máis informadas no teu día a día.

Que vou aprender?

- ✓ Conceptos fundamentais como escaseza, custo de oportunidade e eficiencia.
- ✓ Como se organizan os sistemas económicos.
- ✓ Funcionamento do mercado: demanda, oferta e formación de prezos.
- ✓ Intervención do Estado na economía.
- ✓ Indicadores macroeconómicos como o PIB, o desemprego ou a inflación.
- ✓ Globalización e retos da economía actual.

Que vou facer? ¿Como me van avaliar?

- ✓ Actividades prácticas: análise de noticias económicas, debates e simulacións.
- ✓ Concursos: participación en retos e simulacións económicas.
- ✓ Traballos individuais e en grupo: proxectos sobre temas económicos actuais.
- ✓ Probas escritas: exames para consolidar os contidos.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia?

- ✓ Itinerario de Ciencias Sociais.
- ✓ Estudos de Economía, Empresa, Dereito, Políticas, Relacións Internacionais, Xornalismo, etc.
- ✓ Preparación para a materia de Economía da Empresa en 2º de Bacharelato.

A quen teño que solicitar máis información?

Se queres saber máis sobre a materia, consulta a Jose (josevc@freimartinsarmiento.com), profesor de economía ou




**ANÍMATE A ENTENDER A ECONOMÍA
PARA ENTENDER O MUNDO!**

Frei Martín Sarmiento



Física e Química



A materia de Física e Química contribúe a que o alumnado comprenda o funcionamento do universo e as leis que o gobernan, proporcionando os coñecementos, destrezas e actitudes da ciencia que permiten desenvolverse con criterio fundamentado nun mundo en continuo desenvolvemento científico, tecnolóxico, económico e social, promovendo accións e condutas que provoquen cambios cara a un mundo máis xusto e igualitario.

En 4º de ESO e 1º de bacharelato, a FÍSICA E QUÍMICA divídese en dous bloques: un bloque de química e outro de física:

- ✓ A QUÍMICA, comeza cunha parte específica sobre destrezas científicas básicas que deben ser consideradas de maneira transversal ao longo do curso. A continuación estúdase a descrición dos átomos, a súa estrutura, a súa ordenación na táboa periódica, así como o estudo da formación e as propiedades de elementos e compostos a través dos distintos tipos de ligazóns. Introdúcese o estudo ás reaccións químicas e a realización cálculos estequiométricos, e termina coa formulación e nomenclatura de química orgánica.
- ✓ A FÍSICA comeza co estudo do movemento (a cinemática), as causas que producen o movemento (a dinámica) e por último, a enerxía (potencia, traballo e enerxía).

Para obter máis información sobre a materia, pódense poñer en contacto con Marta Fontán Rivas a través do correo: martafontan@edu.xunta.gal.

J. Martín Sarmiento

Francés I e II

1. Introducción

En 1º e 2º de Bacharelato, a materia de Francés como Segunda Lingua Estranxeira ofrece ao alumnado a oportunidade de consolidar e ampliar as súas competencias comunicativas nunha lingua crave no ámbito internacional. Aprender francés nesta etapa é un investimento estratéxico para o futuro académico e laboral, facilitando o acceso a universidades francófonas e a un mercado laboral globalizado. Para cursar esta optativa, aconséllase ter un mínimo de coñecemento previo (nivel A1-A2).



2. Que vou aprender? De qué se trata esta materia?

Aprenderás a desenvolver competencias comunicativas avanzadas en francés, integrando aspectos lingüísticos, socioculturais e académicos. Esta materia prepárase non só para comunicarte en francés en contextos cotiáns, senón tamén para desenvolverte en contornas académicas e profesionais, abrindo portas a estudos superiores e oportunidades laborais internacionais.

3. Que vou facer? Como me van avaliar?

Traballarase a comprensión oral e audiovisual, escoitando audios, podcast, películas... Fomentarase a expresión oral realizando presentacións ou simulacións de situacións. Tamén realizaremos comprensión escritas a través de lecturas, cancións... Elaboraranse redaccións de textos informais para traballar a expresión escrita. Con cada tema realizamos unha proba para avaliar a comprensión e produción escrita e oral.

4. Con que estudos/ itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

No itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades, o francés é importante para quen estuda Dereito e Relacións Internacionais, Ciencias Políticas e Socioloxía, Xornalismo e Comunicación Audiovisual, así como Historia da arte e Literatura. No itinerario de Artes, o francés é clave para Belas Artes, Cinema, Deseño Gráfico e Moda, e Música e Teatro. En Ciencias e Tecnoloxía, o francés pode ser útil para estudos en universidades francófonas e en programas de investigación.

Os programas de mobilidade internacional, como Erasmus+, permiten facer estancias académicas en Francia, Bélxica ou Suíza. O Bachibac, que ofrece dobre titulación.

En Grao Medio, inclúese o Francés en Actividades Comerciais, Servizos en Restauración e Xestión Administrativa. En Grao Superior, destácase en Comercio Internacional, Xestión de Vendas e Espazos Comerciais, e Administración e Finanzas. Tamén en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos. E preveese ampliar a oferta do Francés en ciclos formativos.

Cursar a materia ofrece a opción de viaxes culturais ou intercambios realizadas polo centro así como obter o Diploma de Francés A2, B1, ou B2 a través do **programa CUALE** impartido no Frei Martín Sarmiento.

5. A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado? Ao xefe do Departamento de Francés.

Grego I

Introdución

A materia de **Grego I** permite aos estudantes descubrir a lingua e a cultura da antiga Grecia, cuxa influencia segue presente na sociedade actual. A través deste curso, os alumnos familiarízanse cos fundamentos do grego clásico e exploran os textos que sentaron as bases da filosofía, da literatura e da política occidental.



Que vou aprender? De que trata esta materia? A materia trata de proporcionar unha base sólida na lingua grega e na súa inmensa contribución á historia, á filosofía e á arte.

- ✓ Descifrar e interpretar os principais elementos do grego clásico.
- ✓ Analizar textos antigos, identificando a súa estrutura e significado.
- ✓ Explorar a mitoloxía e a literatura grega, desde Homero ata os dramaturgos máis relevantes.
- ✓ Comprender a influencia do grego na evolución das linguas modernas, incluído o galego.
- ✓ Descubrir os vínculos entre a cultura grega e o pensamento occidental.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Durante o curso, realizarás actividades como:

- Aprendizaxe de estruturas básicas do grego antigo e vocabulario esencial.
- Lectura e tradución de fragmentos de textos clásicos.
- Análise de obras literarias e filosóficas gregas.
- Proxectos sobre mitoloxía, historia e cultura grega.

A avaliación basearase en:

- A comprensión da lingua e a capacidade de traducir fragmentos sinxelos.
- A análise e reflexión sobre textos antigos.
- A participación en debates sobre cultura e pensamento grego.
- O esforzo e progresión no dominio do idioma e do contexto histórico.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia de Grego I está vinculada a estudos de Lingua e Literatura, Humanidades e Ciencias Sociais, Historia e Filosofía, Xornalismo e Comunicación ou Filoloxía Clásica e Tradución.

En canto ás saídas profesionais, o coñecemento do grego pode ser útil en áreas como: a docencia e investigación en linguas clásicas, a tradución e interpretación de textos antigos, o xornalismo e divulgación cultural a arqueoloxía e estudo da historia antiga e a Filoloxía e lingüística, especialmente na evolución das linguas europeas.

A materia de Grego I permite explorar unha das civilizacións máis influentes da historia e achega aos estudantes ferramentas para comprender mellor o mundo actual a través da súa orixe clásica.

Se precisas máis información sobre esta materia, podes consultar ao xefe do Departamento de Latín.

J. Martín Sarmiento

Historia do Mundo Contemporáneo



INTRODUCCIÓN Á MATERIA

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo é unha materia de tipo opcional que se estuda en 1º de Bacharelato e está dirixida aos alumnos da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e o Bacharelato de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.

QUE VOU APRENDER? DE QUE TRATA A MATERIA?

Os contidos da materia abranguen o período histórico que vai da crise do Antigo Réxime no s. XVIII até principios do noso século. Nela estúdanse os principais acontecementos e fenómenos que contribuíron a configurar o noso mundo actual: a revolución industrial e a francesa, o xurdimento dos nacionalismos, o imperialismo, as guerras mundiais, a revolución rusa, a crise económica do 29, os fascismos, a descolonización, a guerra fría, a globalización ou os atentados das Torres Xemelgas. Neste sentido, a materia constitúe unha profundización dos contidos xa estudados na materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO

COMO ME VAN A AVALIAR?

A avaliación do alumno realizarase a partir de dúas probas escritas de natureza competencial que constarán de 4 preguntas: unha pregunta de revisión dun texto para buscar os posibles erros, explicalos e corrixilos; unha pregunta de desenvolvemento coa posibilidade de elaborar unha análise comparativa (p.ex.: marxismo-anarquismo; fascismo-nazismo, etc.); un comentario de texto e un comentario dunha táboa estatística / mapa / imaxe. Estas probas contarán o 90 % da nota do trimestre. O restante 10% obterase a partir da elaboración de 2 a 3 comentarios que o alumno deberá elaborar ao longo de cada trimestre.

CON QUE ESTUDOS/ITINERARIOS SE RELACIONA ESTA MATERIA?

Historia do Mundo Contemporáneo é unha materia de opción da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais de 1º de Bacharelato. Como tal, non ten continuidade como materia de opción en 2º de Bacharelato. Porén, constitúe unha magnífica preparación para o estudo da Historia de España que é unha materia obrigatoria de 2º de Bacharelato, así como doutras materias de opción das modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais ou de Artes de 2º de Bacharelato (Xeografía, Historia da Arte, Fundamentos Artísticos, Hª da música e da danza).

RESULTA ESPECIALMENTE INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR:

Profesor de xeografía e historia, mestre infantil, primaria ou social, xeografía e ordenación do territorio, recursos humanos, relacións laborais, relacións internacionais, turismo, traballo social, pedagogía, filosofía, filoloxía, tradución e interpretación, dirección e xestión pública, comercio, ciencias empresariais, xestión e arquitectura de paisaxe, xestión cultural, ciencias xurídicas e sociais, ciencias da actividade física e o deporte, dobres graos...

A QUEN TEN QUE SOLICITAR MÁIS INFORMACIÓN O ALUMNO INTERESADO?

A calquera dos membros do Departamento de Xeografía e Historia (Ana Dios, Rosa Barreiro), mais especialmente ao profesor da materia, Pablo Sobral.

Latín I

Introdución

A materia de Latín I permite aos estudantes descubrir a lingua e a cultura da antiga Roma, cuxa influencia perdura ata hoxe en múltiples ámbitos como a linguaxe, o dereito, a literatura e a historia. A través deste curso, os alumnos achegaranse ás bases do latín e á riqueza cultural do mundo romano, comprendendo a súa importancia no desenvolvemento das sociedades occidentais.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

- ✓ Familiarizarte cos fundamentos da lingua latina, incluíndo vocabulario e estruturas gramaticais básicas.
- ✓ Traducir textos sinxelos para comprender a súa sintaxe e significado.
- ✓ Explorar a literatura romana, con autores como Cicerón, Ovidio, Virgilio e Séneca.
- ✓ Descubrir a influencia do latín nas linguas romances, incluído o galego.
- ✓ Coñecer aspectos fundamentais da historia, cultura e mitoloxía da antiga Roma.

O estudo do latín non só mellora a comprensión das linguas modernas, senón que tamén proporciona un contexto esencial para entender o desenvolvemento da civilización occidental.

Que vou facer? Como me van avaliar?

- Aprendizaxe de vocabulario e estrutura gramatical do latín.
- Tradución e análise de textos latinos sinxelos.
- Traballos sobre a historia e cultura romana.
- Reflexión sobre a influencia do latín en expresións e termos actuais.

A avaliación terá en conta:

- A comprensión da lingua e a precisión nas traducións.
- A capacidade de análise e reflexión sobre os textos traballados.
- A participación en debates sobre cultura clásica.
- O esforzo e progresión no dominio da lingua e do contexto histórico.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia de Latín I está relacionada con: Lingua e Literatura, Humanidades e Ciencias Sociais, Historia e Filosofía, Dereito e Ciencias Políticas, Xornalismo e Comunicación.

En canto ás **saídas profesionais**, o coñecemento do latín pode facilitar oportunidades en: Docencia e investigación en linguas clásicas e historia antiga. Tradución e interpretación de textos históricos e filosóficos. Xornalismo e divulgación cultural, especialmente en ámbitos históricos e lingüísticos. Arqueoloxía e estudos da Antigüidade. Dereito, xa que moitos termos xurídicos teñen orixe latina.

A materia de Latín I ofrece unha base sólida para o desenvolvemento da competencia lingüística e cultural, facilitando unha visión profunda da historia e do pensamento que segue influíndo na sociedade actual.

Se precisas máis información, consulta co xefe do departamento de Latín.



Linguaxe e práctica musical



Linguaxe e Práctica Musical é unha materia de 1º de Bacharelato de Artes, na modalidade musical, na que a aprendizaxe dos conceptos fundamentais da linguaxe musical se aprenden a partir da práctica musical, traballando tanto a interpretación de partituras como a improvisación. O traballo realízase conxuntamente, adaptando o nivel de dificultade das pezas musicais ás destrezas previas de cada alumno de xeito individualizado. Non son precisos coñecementos técnicos previos de música para cursar con aproveitamento a materia.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

Literatura galega do S. XX e da Actualidade



Introdución

Esta materia pretende que o alumnado poida ampliar o seu coñecemento da cultura de Galicia e do mundo para analizar de forma crítica a realidade e, así, mellorar as súas posibilidades comunicativas e estéticas.

Vanse estudar contidos referentes á literatura do século XX e da actualidade por estaren próximos á sensibilidade da xuventude, proximidade que facilitará a relación coa obra literaria a nivel contextual, textual e estético.

Que vou aprender? De que trata a materia?

O alumnado aprenderá a ler comprensivamente os textos líricos, narrativos e actuais da literatura galega deste período para poder logo analízalos, interpretalos e valoralos. Estimularanse tamén as inquiredanzas literarias e fomentaranse o espírito crítico, a escoita e o respecto polas distintas ideas e opinións sobre unha obra, a autoría ou un tema. Tratarase de que o alumnado sexa quen de expor as súas opinións de xeito argumentado e de captar e aceptar as opinións das outras persoas.

A materia organízase en seis bloques: "Aspectos comúns", "Narrativa", "Poesía", "Teatro", "Ensaio" e "A literatura e outras artes".

Que vou facer? Como me van avaliar?

O alumnado vai traballar a comprensión lectora, a redacción de comentarios literarios e a realización de traballos de investigación en diversos formatos, de xeito que preparen e superen máis doadamente os contidos literarios da materia de Lingua Galega e Literatura de 2º de Bacharelato (pregunta 4 das PAU, 2.5 puntos /10 do exame).

O alumnado será avaliado a partir dos comentarios e traballos realizados en cada avaliación.

Con que estudos e itinerarios se relaciona esta materia?

Esta materia relaciónase coa materia de Lingua e Literatura II de 2º de Bacharelato e coas demais materias de literatura que se estudan neste nivel de ensinanza. Nos graos universitarios, relaciónase cos estudos de filolóxicos, xornalísticos e artísticos.

A quen lle debe solicitar máis información o alumnado interesado?

A información débesele pedir ás profesoras do departamento do centro.



Literatura Universal



A materia de **Literatura Universal de 1º de Bacharelato** é unha oportunidade para viaxar a través do tempo e do espazo a través das obras máis representativas da historia da literatura. Desde a Antigüidade ata o século XX, descubrirás como a literatura reflicte as preocupacións, soños e conflitos da humanidade.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Aprenderás a analizar textos literarios de diferentes épocas, culturas e movementos. A materia aborda as grandes obras da literatura occidental e doutras tradicións, estudando os seus temas, xéneros e estilos. Tamén comprenderás a evolución das ideas e os contextos históricos que influíron nos escritores máis relevantes.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Durante o curso:

Lerás e analizarás textos literarios desde diferentes perspectivas.

Compararás obras e autores para comprender as súas influencias e innovacións.

Explicarás e comentarás fragmentos literarios a través de presentacións orais e escritas.

Comentarás adaptacións cinematográficas de obras literarias relevantes.

Producirás artigos críticos e participarás en discusións sobre as lecturas.

A avaliación basearase en:

- Exames de contido teórico e análise de textos.
- Traballos escritos e proxectos individuais ou grupais.
- Participación en actividades de aula.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Literatura Universal é de utilidade para estudantes dos itinerarios de Humanidades e Ciencias Sociais, especialmente para aqueles interesados en:

- Filoloxía, Historia, Xornalismo, Filosofía, Arte, Comunicación Audiovisual ou Ciencias da Educación .

As saídas profesionais inclúen: • Docencia e investigación. • Xornalismo e medios de comunicación. • Edición e xestión cultural. • Guion e creación literaria etc.

Se che gusta ler e queres descubrir os grandes textos que marcaron a historia, esta materia é para ti!

Para máis información pregunta ao profesorado do Departamento de Lingua Castelá.




Matemáticas I

As Matemáticas resultan esenciais en calquera área dos ámbitos científico e tecnolóxico.

Na materia de **Matemáticas I** preténdese preparar aos estudantes para facer fronte aos retos da sociedade, recoñecendo situacións problemáticas cotiás que poden ser modeladas e resoltas botando man dos coñecementos matemáticos e usando de forma efectiva as ferramentas tecnolóxicas que estean ao seu alcance.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Ademais de afondar nos contidos traballados na ESO, abordaranse outros novos como poden ser o estudo dos números complexos e ferramentas tan importantes como os límites de funcións e o cálculo diferencial, coas súas aplicacións ao estudo das funcións e á resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.



Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizaranse actividades variadas fomentando, na medida do posible, a utilización de ferramentas dixitais e software matemático específico, evitando as aprendizaxes memorísticas, traballando a resolución razoada e argumentada de problemas e aprendendo a comunicar e representar a información de forma rigorosa.

A avaliación levarase a cabo con probas escritas e online. A cualificación dividirase nun 90% para os exames e un 10% para outras actividades avaliábeis presenciais e/ou online.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

As Matemáticas I están enfocadas ao alumnado que desexe realizar, despois do bacharelato, calquera Ciclo Formativo Superior ou Grao Universitario das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura e Ciencias Xurídicas e Sociais. Na actualidade, para acceder a un Grao no sistema universitario galego, as Matemáticas II teñen ponderación máxima para case o 70% das titulacións.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Para ampliar esta información ou consultar dúbidas podes dirixirte ao profesorado do Departamento de Matemáticas ou



Matemáticas aplicadas ás CCSS I

Os eixes principais dos obxectivos de **Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais** son a comprensión efectiva de conceptos e procedementos matemáticos xunto coas actitudes propias do quefacer matemático, que permiten construír unha base conceptual sólida a partir da resolución de problemas, do razoamento e da investigación matemática, especialmente enfocados á interpretación e análise de cuestións da vida cotiá e das ciencias sociais.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Ademais de afondar nos contidos estudados na ESO, abordaranse outros de especial importancia relacionados co cálculo de probabilidades, os límites de funcións, o cálculo diferencial e a matemática financeira, coas súas aplicacións á resolución de problemas cotiás de diversos ámbitos.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizaranse actividades variadas fomentando a utilización de ferramentas dixitais e software matemático específico, e aínda que existirá unha base teórica, o desenvolvemento das clases será fundamentalmente práctico, resolvéndose problemas e exercicios de forma razoada e argumentada, e requiríndose un certo rigor á hora de representar e comunicar os resultados obtidos.

A avaliación levarase a cabo con probas escritas e online. A cualificación dividirase nun 90% para os exames e un 10% para outras actividades avaliábeis presenciais e/ou online.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

As Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais están enfocadas ao alumnado que desexe realizar, despois do bacharelato, calquera Ciclo Formativo Superior ou Grao Universitario da rama de Ciencias Xurídicas e Sociais e algúns das ramas de Artes e Humanidades e Ciencias da Saúde.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Para ampliar esta información ou consultar dúbidas podes dirixirte ao profesorado do Departamento de Matemáticas ou



Tecnoloxía e Enxeñaría I

Introdución

A tecnoloxía está en todas partes: nos móbiles, nos coches, nos edificios, nas aplicacións que usas cada día... e detrás de todo iso hai persoas que pensan, deseñan e constrúen solucións aos problemas da vida real. Nesta materia vas aprender como funciona ese proceso, como se pode mellorar o mundo a través da enxeñaría e como ti tamén podes crear cousas útiles co que sabes.



Durante o curso vas poñerte na pel dunha persoa que traballa no mundo da tecnoloxía: identificar un problema, pensar ideas para solucionalo, facer bosquexos, deseñar prototipos e probalos. Irás aprendendo pouco a pouco a combinar coñecementos de materias como matemáticas, física ou tecnoloxía para crear proxectos reais. E ademais, practicarás cousas que che van servir moito no futuro, como traballar en equipo, organizarte ben ou explicar as túas ideas aos demais.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Neste curso aprenderás a analizar, deseñar e construír proxectos tecnolóxicos. Explorarás, entre outros contidos:

- materiais e estruturas,
- sistemas de enerxía,
- electrónica,
- programación.

Tamén desenvolverás habilidades para solucionar problemas mediante deseño en 3D, automatización e robótica. Ademais, reflexionarás sobre o impacto da tecnoloxía na sociedade e o medio ambiente.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Aquí non só vas estudar teoría, senón que vas poñer en práctica os teus coñecementos a través de proxectos e retos. Traballarás con ferramentas como deseño asistido por ordenador, programación e sistemas electrónicos. A avaliación basearase no traballo en proxectos, resolución de problemas, participación na aula e probas teóricas e prácticas.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Esta materia é fundamental se queres seguir estudos en:

- **Bacharelato** de Ciencias e Tecnoloxía.
- **Carreiras e ciclos formativos** en enxeñaría, arquitectura, deseño industrial, informática, mecánica, enerxías renovables ou automatización.

E moi importante que saibas que é **materia chave** con “Tecnoloxía e enxeñaría II” de 2º Bacharelato. No mundo laboral, poderás orientarche cara a sectores como:

- Enxeñaría e construción.
- Deseño e fabricación de produtos.
- Robótica e automatización.
- Enerxía e medio ambiente.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Orientador/a do centro; profesores/as de Tecnoloxía actuais; xefe/a do Departamento de Tecnoloxía do IES Frei Martín Sarmiento

TICS I

Introdución

Vivimos rodeados de tecnoloxía: móbiles, redes sociais, intelixencia artificial, videoxogos... Cada día utilizamos ferramentas dixitais para comunicarnos, traballar ou aprender. Pero, sabes como funcionan? Neste curso vas afondar no mundo das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) para utilizalas con máis criterio e seguridade.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia aprenderás a manexar aplicacións informáticas e ferramentas dixitais para crear contidos, traballar con datos, programar e entender mellor o mundo dixital. Tratarás temas como:

- Creación de contidos dixitais: documentos, presentacións, páxinas web, imaxes, vídeos...
- Programación de aplicacións: crearás pequenos programas para resolver problemas reais.
- Análise de datos: aprenderás a organizar información con follas de cálculo e bases de datos.
- Seguridade e identidade dixital: saberás protexer os teus datos e navegar de forma segura.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Esta materia é moi práctica. Non só estudarás teoría, senón que farás proxectos e actividades reais, como:

- Edición de vídeos e imaxes dixitais.
- Creación de páxinas web e contidos multimedia.
- Análise de datos con follas de cálculo e bases de datos.
- Programación de aplicacións básicas.

A túa avaliación dependerá dos proxectos que vaias facendo ao longo do curso, da túa participación e do traballo diario na aula, así como de como apliques na práctica o que aprendas nas actividades.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Se no futuro queres estudar algo relacionado coa tecnoloxía e o mundo dixital, esta materia é un bo comezo. Está conectada con estudos como:

- **Graos universitarios** en informática, enxeñaría, deseño gráfico, comunicación audiovisual ou ciberseguridade.
- **Ciclos formativos** en desenvolvemento de aplicacións web, administración de sistemas informáticos, márketing dixital, videoxogos, etc.

E moi importante que saibas que é **materia chave** con “Tecnoloxías da Información e da Comunicación II” de 2º Bacharelato.

En canto ao mundo laboral, as TIC son esenciais en moitos sectores. Poderás traballar en:

- Programación e desenvolvemento de software.
- Deseño gráfico, animación e edición audiovisual.
- Análise de datos e Big Data.
- Ciberseguridade e protección da información.
- Márketing dixital e redes sociais.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

- Xefe/a do Departamento de Tecnoloxía do IES Frei Martín Sarmiento
- Orientador/a do centro
- Profesores/as de Tecnoloxía actuais

Proxectos artísticos



1. Introducción

Gustaríache **desenvolver propostas creativas e innovadoras para a expresar as túas ideas de forma artística** e buscando un **impacto na contorna ou na sociedade**? Gustaríache desenvolver un proxecto persoal ou participar en proxectos colectivos? Queres **coordinar ou xestionar un proxecto, crear superando situacións de bloqueo ou montar exposicións**? Queres aprender a manexar as redes sociais para **difundir proxectos artísticos**?

2. Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia aprenderás a **planificar un proxecto artístico**, definindo obxectivos, establecendo e cumprindo prazos, organizando todas as fases do proxecto. Fomentarás a túa capacidade de **creación e xeración de ideas**, procurando solucións orixinais e innovadoras que produzan un **impacto na sociedade**. Mellorarás a túa capacidade resolutiva e técnica, aprenderás a **presentar propostas** e a **documentar un proxecto**, así como a traballar de forma individual ou en grupo. Aprenderás a **difundir un proxecto** empregando os medios máis adecuados, así como a **defender as túas propias ideas**.

3. Que vou facer? Como me van avaliar?

Vas a aprender a **desenvolver un proxecto artístico desde a posición de calquera dos axentes implicados: artista, coordinador, xestor, deseñador, fotógrafo, editor, distribuidor**. Tamén adquirirás **estratexias para superar as situacións de bloqueo creativo**.

4. Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Estudos superiores relacionados coas artes visuais: Belas Artes, Ilustración, Fotografía, Deseño, Escenografía, Espectáculos, Eventos, Xestión Cultural, Audiovisuais, Televisión, Publicidade, etc.

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

Volume



Introdución

A materia de **Volume** é unha das máis creativas e estimulantes do Bacharelato de Artes. A través dela explorarás o espazo, a forma e os materiais desde unha perspectiva artística. É unha oportunidade única para expresarte en tres dimensións e desenvolver a túa capacidade de observación, análise e creación.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

En Volume aprenderás a **crear obras tridimensionais**, a entender as relacións entre forma, espazo, luz e materia, realizando proxectos prácticos, como esculturas, maquetas e instalacións artísticas. Estudarás técnicas escultóricas básicas, materiais diversos (como barro,, madeira, cartón, arame...), e tamén os principios do deseño tridimensional. Ademais, coñecerás artistas e movementos que marcaron a historia da escultura e das artes volumétricas.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizarás **proxectos creativos manuais**, experimentando con diferentes materiais e técnicas. Traballarás tanto individualmente como en grupo, e sempre con liberdade para explorar e expresarte dentro dunhas pautas establecidas. A avaliación basearase na túa participación, na evolución do teu proceso creativo, na presentación dos traballos e na reflexión sobre o teu propio traballo artístico.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Grao en Belas Artes; Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais; Graos en Deseño de interiores, Moda, Industrial e de Produtos; Graos en Deseño de Videoxogos e Animación 2D e 3D. Desempeños profesionais: Cantería, Cerámica, Ebanistería, Forxa, Vidro...

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.



OFERTA FORMATIVA DE 2º BACHARELATO

MATERIAS POR MODALIDADES PARA O CURSO 2025-2026

Materias comúns	Historia de España (3H) Historia da Filosofía (3H) Inglés II (3H) Lingua Castelá e Literatura II (3H) Lingua Galega e Literatura II (3H)
----------------------------	--

2º Bach. Artes ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO		
	Materia obligatoria de modalidade (4h)	Debuxo artístico II
	2 Materias de opción da modalidade (8h)	Deseño Fundamentos artísticos
	Materia optativa (4h) Elixir <u>unha</u>:	Francés 2ª LE II Métodos Estatísticos e Numéricos Psicoloxía Tics II Empresa e Deseño de Modelos de Neg. Historia da Arte Coro e técnica vocal II Técnicas de expresión gráfico-plástica Debuxo técnico aplicado ás artes e ao deseño II
	Elixir <u>unha</u> (1 hora)	Relixión Atención educativa



2º Bach. Artes MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS		
VÍA MUSICAL (*NON SE ELIXEN OPTATIVAS)		
	Materia obrigatoria de modalidade (4 horas)	Análise musical II
	Materias de opción de modalidade (12h)	Historia da música e da danza Coro e técnica vocal II Artes escénicas II
VÍA ARTES ESCÉNICAS		
	Materia de modalidade (4h)	Artes escénicas II
	Materias de opción de modalidade (8 h) Elixir dúas:	Historia da música e da danza Coro e técnica vocal II Análise musical II Literatura dramática
	Materia optativa (4H) Elixir unha	Francés 2ª LE II Métodos Estatísticos e Numéricos Psicoloxía Tics II Historia da Arte Coro e técnica vocal II Literatura dramática Técnicas de expresión gráfico-plástica Debuxo técnico aplicado ás artes e ao deseño II
Elixir unha (1 hora)		Relixión Atención educativa



2º Bach. Humanidades e Ciencias Sociais		
	Materia obrigatoria de modalidade (4H) Elixir <u>unha</u> :	Matemáticas Aplicadas ás CCSS II Latín II
	Materias de opción da modalidade (8H) Elixir <u>dúas</u> :	Empresa e Deseño de Mod. de Neg. Grego II Historia da Arte Xeografía
	Materia optativa (4 horas) Elixir <u>unha</u>	Francés 2ª LE II Métodos Estatísticos e Numéricos Psicoloxía Tics II Empresa e Deseño de Mod. de Neg Historia da Arte Coro e técnica vocal II Literatura dramática
	Elixir unha (1 hora)	Relixión Atención educativa



2º Bach. Ciencias e Tecnoloxía			
	Materia obrigatoria de modalidade (4 horas) Elixir unha:	Matemáticas II Matemáticas Aplicadas ás CCSS II	
	Elixir dúas: Materias de opción da modalidade (8 horas)	CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO	CIENCIAS DA SAÚDE
		Debuxo Técnico II Física Química Tecnoloxía e Enxeñería II	Bioloxía Química Xeoloxía e Ciencias Ambientais
	Materia optativa Elixir unha:	Francés 2ª LE II Métodos Estatísticos e Numéricos Psicoloxía TICs II Empresa e Deseño de Modelos de Neg. Coro e técnica vocal II *Unha das materias de opción da modalidade (Debuxo Técnico II, Física, Química, Tecnoloxía e Enxeñería II, Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais)	
	Elixir unha: (1 hora)	Relixión Atención educativa	



Análise musical I e II

Primera sección A (Minueto)

Primera subsección. Frase a 4+6+2 de coda

Semifrase ANTECEDENTE 2+2 c. **Semifrase CONSECUENTE 2+2+2**
MENUETTO I **Repetición**

Si bemol mayor **f** **Pedal de dominante**

Semifrase CONSECUENTE, contrastante, asimétrica y cerrada **Ampliación interna** **Cadencia** **Coda**

Modula a Fa mayor (dominante) **f** **p**

Segunda subsección Frase b 2+4 **Retorno a si bemol mayor (Retromodulación)** **Semicadencia** **Frase a' 4+6**

Si bemol mayor **f** **p**

Textura homofónica a' 4 v. **corte** **Silencio estructural**

Semifrase ANTECEDENTE 2+2 c. **Semifrase CONSECUENTE 2+2+2**

Ajuste para cerrar en la tonalidad principal **Segmento añadido de dos compases**

Cadencia **Coda** **f** **p**

Musicnetmaterials

Análise Musical é unha materia progresiva que se imparte en 1º e 2º de Bacharelato. Nela se estuda a evolución da linguaxe e as técnicas de construción musical a través da análise de partituras e/ou audicións. A materia é obrigatoria en selectividade para o alumnado que opte pola vía musical. É moi recomendable ter un nivel de destreza mínimo coas partituras para cursar con facilidade a materia.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

Frei Martín Sarmiento



Artes Escénicas I e II



A materia de **Artes Escénicas** impártese en dous cursos, ao longo dos cales o currículo se desenvolve de forma progresiva. O seu carácter eminentemente práctico convértea nun espazo de experimentación e exploración colectiva, desde o que fomentar o desenvolvemento da expresividade e a creatividade, e descubrir os códigos específicos das artes escénicas, incluídas as performativas. Esa mesma natureza práctica convida a vincular esta materia con outras nas que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

As competencias organízanse en **cinco bloques**:

6. **«Patrimonio escénico»** (atende ás tipoloxías e ás tradicións das artes escénicas, así como aos seus cambios e transformacións ao longo do tempo),
7. **«Expresión e comunicación escénica»** (comprende diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica),
8. **«Interpretación»** (recolle os elementos relativos á recreación e á representación da acción dramática),
9. **«Representación e escenificación»** (engloba os saberes relativos ao espectáculo escénico e ao traballo en grupo), e
10. **«Recepción nas artes escénicas»** (ocúpase do público e das estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas).

A **avaliación** farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.



Biología



Que vou aprender? De que trata esta materia?

A materia distribúese nos seguintes bloques: A base molecular da materia viva (Bioquímica estrutural). Xenética molecular. A célula e o Metabolismo celular. Biotecnoloxía e Inmunoloxía.

Que vou facer? Como me van avaliar?

As explicacións alternaranse coa resolución de actividades centradas na indagación, comprensión, relación e expresión dos conceptos para a correcta adquisición das competencias clave.

Criterios de cualificación: probas escritas (90%), actividades (10%).

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Esta materia é fundamental para as carreiras científicas e sanitarias, é fundamental tanto pola ponderación como polos coñecementos adquiridos para poder desenvolverse nesas carreiras.

Carreiras como: Medicina, Farmacia, Veterinaria, Biología, Biotecnoloxía, Enxeñaría Xenética, Ciencias Ambientais, Enxeñaría Biomédica, Enxeñaría Agrónoma, Odontoloxía, Enfermería, Fisioterapia, Nutrición, Dietética, Ciencias Marinas etc. Tamén é moi aconsellable para as carreiras de Psicoloxía e Ciencias do Deporte.

Ademais, pondera noutras carreiras científicas como Física, Matemáticas e Química (*consultar táboa de ponderacións*).

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Se necesitas máis información, a profesora Chus estará dispoñible para responder ás túas dúbidas, así como calquera docente de Biología e Xeoloxía e o equipo de Orientación.

Coro e Técnica Vocal I e II




A materia de **Coro e Técnica vocal** impártese de forma progresiva en 1º e 2º de Bacharelato. Nela trabállanse **diversas técnicas de canto**, así como o desenvolvemento das **habilidades harmónicas intuitivas a partir da música coral**, e a **interpretación musical** a través do manexo de diversos estilos. Tamén se traballa o **coidado e modulación da voz**, ferramenta fundamental en moitas tarefas profesionais. É conveniente que os alumnos teñan nocións elementais de **afinación vocal**, pero non é imprescindible ter formación musical previa para cursar con éxito a materia.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

Debuxo Artístico I e II



A materia de Debuxo Artístico (I e II), permite ao alumnado interesado nas Artes, Deseño e calquera disciplina relacionada co artístico e a creación, **aprender a expresarse a través do debuxo e a pintura empregando unha linguaxe persoal**, utilizando os procedementos e estratexias necesarios para a **comunicación e expresión das ideas a través de imaxes**. Os estudantes aprenderán a recoñecer os recursos, técnicas, materiais e fundamentos das diferentes **manifestacións artísticas ao longo da historia da arte**, coñecementos que se irán experimentando e incorporando na súa práctica artística persoal.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia aprenderás a **expresarse graficamente aplicando diversas técnicas e procedementos, manuais e tecnolóxicos**, afondando no concepto e **historia do debuxo e a pintura** e incorporando no seu traballo diferentes recursos de **representación e ordenación do espazo, a luz, a cor, a figura humana**, etc. Asemade, coñecerás e valorarás o uso destes recursos nas obras artísticas ao longo da historia.

Que vou facer? Como me van avaliar?


A través desta materia coñecerás os fundamentos do debuxo e a pintura a través de **clases teóricas e análise de obras artísticas**, así como da **práctica do debuxo e a pintura**. Ademais **desenvolverás a túa capacidade creativa** ao mesmo tempo que afondarás nunha busca dunha **linguaxe artística persoal**.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Estudos superiores relacionados coas artes visuais: Belas Artes, Ilustración, Fotografía, Deseño de moda, Deseño gráfico, Deseño de Interiores, Historia da Arte, Arquitectura, Restauración, etc.

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

Debuxo Técnico Aplicado ás Artes e ao Deseño I e II



Introdución

O Debuxo Técnico Aplicado é a ferramenta imprescindible para transformar ideas en proxectos reais. A xeometría, con principios como a simetría, a proporción ou o ritmo, está presente tanto na natureza como nas creacións humanas, inspirando deseños e proxectos dende sempre. Dominar o debuxo técnico axudarache a representar formas, crear obxectos, deseñar espazos e comunicar as túas ideas con precisión e creatividade. É o medio perfecto para transformar o que imaxinas en algo real e concreto. Se estás interesado/a en disciplinas como o deseño, a arquitectura ou as artes plásticas, esta materia será a túa mellor aliada.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Aprenderás a dominar as técnicas de representación tridimensional e bidimensional, como as proxeccións, as perspectivas e os sistemas de representación. Coñecerás como traballar con proporcións, escalas e xeometría, aplicando estes conceptos de forma práctica en creacións artísticas así como no deseño de logotipos, produtos, espazos.... Ademais, descubrirás o potencial de ferramentas tradicionais e dixitais para mellorar os teus proxectos.

Que vou facer? Como me van avaliar?


Aprenderás a ver a xeometría na túa contorna, mellorarás a túa visión espacial e aplicarás con dominio técnico as túas aprendizaxes sobre medida, escala, proporción, simetría, patróns, perspectiva... en deseños, mosaicos, escenografías e outros moitos proxectos. A materia céntrase en traballos prácticos e probas nas que se valorará a precisión e calidade técnica, o proceso de resolución dos retos propostos e a orixinalidade das túas solucións.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Grado en Deseño Gráfico; Graos de Deseño de Interiores, de Moda, Industrial e de Produto; Deseño de Videoxogos, Animación e Entornos interactivos; Grao en Paisaxismo; Grao de Deseño de Interiores. Desempeños profesionais: Escenografía, Modelismo, Mobiliario, Orfebrería, Xoiería...

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

Debuxo Técnico I e II



Introdución

Debuxo Técnico é unha materia esencial para quen teña interese en campos como a **Arquitectura, as Enxeñerías** ou calquera outra disciplina que precise comunicar ideas técnicas e espaciais. É onde se fundamenta debuxo de precisión, empregando **sistemas de representación gráfica** como planos, seccións, perspectivas e proxeccións, que son fundamentais para a **construción de proxectos**. Se che gustan o **deseño, a arquitectura, a lóxica e a precisión**, esta é a túa materia!

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Aprenderás a representar, razoar e resolver graficamente operacións matemáticas e construcións de xeometría plana, proporcións, escalas, formas poligonais, tanxencias, así como a desenvolver a túa capacidade de visión espacial mediante o estudo da xeometría descritiva vistas, perspectivas, cortes, axonometrías.... Tamén coñecerás as normas e convencións gráficas para a correcta realización e interpretación de debuxos e proxectos e poderás introducirte no deseño asistido por ordenador (CAD).

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Realizarás **exercicios prácticos de representación**, resolución de problemas espaciais, debuxos xeométricos e técnicas de representación rigorosa. Avaliaranse a túa precisión, limpeza, comprensión dos contidos e evolución no manexo dos instrumentos (escuadra, cartabón, compás...).

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

“Grao en Estudos de Arquitectura”, “Grao en Arquitectura Técnica” e estudos relacionados co Deseño de Produto Industrial e de Interiores. Enxeñerías: Mecánica, Industrial, Electrónica, Edificación, Obras Públicas...

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

Empresa e Diseño de Modelos de Negocio



Que é a materia de EDMN?

Esta materia introdúceche no mundo da empresa desde unha perspectiva teórico-práctica e creativa. Aprenderás a deseñar modelos de negocio innovadores, explorar e coñecer o funcionamento das organizacións e desenvolver habilidades emprendedoras esenciais para adaptarte ao mercado laboral actual. Nun futuro ou terás unha empresa ou traballarás para unha empresa ou organización.

Que vou aprender?

- Conceptos básicos sobre empresas e a súa estrutura.
- As principais áreas funcionais dunha empresa: produción, recursos humanos, marketing e financiamento.
- Ferramentas para analizar e mellorar modelos de negocio. O método CANVAS para deseñar propostas empresariais.
- A importancia da innovación, o valor diferencial e o enfoque ao cliente.
- Habilidades emprendedoras: liderado, creatividade, traballo en equipo e resolución de problemas.
- Contidos clave que che axudarán a preparar con éxito as Probas de Acceso á Universidade (PAU) en moitos graos universitarios.

Que vou facer? Como me van avaliar?

- ✓ Actividades prácticas: estudo de casos, análise de modelos de negocio reais.
- ✓ Elaboración dun proxecto final: deseño completo dun modelo de negocio innovador en grupo.
- ✓ Participación en concursos ou exposicións emprendedoras.
- ✓ Probas escritas: con exercicios orientados ás PAU para reforzar a preparación académica.

Con que estudios/itinerarios se relaciona esta materia?

Relacionada especialmente co itinerario de Ciencias Sociais, presente na maior parte dos graos científico-técnicos e útil para calquera persoa con interese no mundo empresarial.

Estudios posteriores:

- ✓ Administración e Dirección de Empresas.
- ✓ Márketing, Economía, Relacións Laborais, Dereito, Psicoloxía, etc.
- ✓ Formación Profesional de grao superior en ámbitos de xestión, comercio ou emprendemento.


A quen teño que solicitar máis información?

Se queres saber máis sobre a materia, consulta a Jose (josevc@freimartinsarmiento.com), profesor de economía ou



F. Martin Sarmiento

Deseño



Introdución

O Deseño é unha materia fundamental para comprender como as ideas se transforman en solucións creativas e funcionais. Forma parte do día a día de todo o que nos rodea, desde obxectos e espazos ata gráficos e comunicación visual. Nesta materia, mergullaraste nun mundo onde a creatividade se combina coa técnica para resolver retos estéticos e prácticos.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Ao cursar Deseño, aprenderás os principios básicos desta disciplina, como a composición, o uso da cor, as proporcións e as técnicas de representación gráfica e dixital. Tamén explorarás como o deseño inflúe na nosa vida e como se desenvolveu ao longo da historia. A materia axudarache a analizar os produtos e imaxes que nos rodean, e a resolver problemas de forma innovadora.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Analizarás diferentes tipos de deseño bidimensional e tridimensional e aplicarás os fundamentos e procesos técnicos aprendidos para deseñar carteis, logotipos, maquetas ou incluso obxectos de uso cotián. Realizarás traballos prácticos e probas que estarán centradas no desenvolvemento das destrezas tanto a nivel técnico como artístico e creativo.


Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Grao en Belas Artes; Arquitectura; Graos en Deseño de interiores, Moda, Industrial e de Produtos; Formación profesional en: Xoiaría artística, Artes gráficas, Deseño de interiores, Deseño de produtos cerámicos ou téxtiles, Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia.

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas



Física e Química



A materia de Física e Química contribúe a que o alumnado comprenda o funcionamento do universo e as leis que o gobernan, proporcionando os coñecementos, destrezas e actitudes da ciencia que permiten desenvolverse con criterio fundamentado nun mundo en continuo desenvolvemento científico, tecnolóxico, económico e social, promovendo accións e condutas que provoquen cambios cara a un mundo máis xusto e igualitario.

En 4º de ESO e 1º de bacharelato, a FÍSICA E QUÍMICA divídese en dous bloques: un bloque de química e outro de física:

- ✓ A QUÍMICA, comeza cunha parte específica sobre destrezas científicas básicas que deben ser consideradas de maneira transversal ao longo do curso. A continuación estúdase a descrición dos átomos, a súa estrutura, a súa ordenación na táboa periódica, así como o estudo da formación e as propiedades de elementos e compostos a través dos distintos tipos de ligazóns. Introdúcese o estudo ás reaccións químicas e a realización cálculos estequiométricos, e termina coa formulación e nomenclatura de química orgánica.
- ✓ A FÍSICA comeza co estudo do movemento (a cinemática), as causas que producen o movemento (a dinámica) e por último, a enerxía (potencia, traballo e enerxía).

Para obter máis información sobre a materia, pódense poñer en contacto con Marta Fontán Rivas a través do correo: martafontan@edu.xunta.gal.

J. Martín Sarmiento

Francés I e II

1. Introducción

En 1º e 2º de Bacharelato, a materia de Francés como Segunda Lingua Estranxeira ofrece ao alumnado a oportunidade de consolidar e ampliar as súas competencias comunicativas nunha lingua crave no ámbito internacional. Aprender francés nesta etapa é un investimento estratéxico para o futuro académico e laboral, facilitando o acceso a universidades francófonas e a un mercado laboral globalizado. Para cursar esta optativa, aconséllase ter un mínimo de coñecemento previo (nivel A1-A2).

2. Que vou aprender? De qué se trata esta materia?

Aprenderás a desenvolver competencias comunicativas avanzadas en francés, integrando aspectos lingüísticos, socioculturais e académicos. Esta materia prepárase non só para comunicarte en francés en contextos cotiáns, senón tamén para desenvolverte en contornas académicas e profesionais, abrindo portas a estudos superiores e oportunidades laborais internacionais.



3. Que vou facer? Como me van avaliar?

Traballarase a comprensión oral e audiovisual, escoitando audios, podcast, películas... Fomentarase a expresión oral realizando presentacións ou simulacións de situacións. Tamén realizaremos comprensión escritas a través de lecturas, cancións ... Elaboraranse redaccións de textos informais para traballar a expresión escrita. Con cada tema realizamos unha proba para avaliar a comprensión e produción escrita e oral.

4. Con que estudos/ itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

No itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades, o francés é importante para quen estuda Dereito e Relacións Internacionais, Ciencias Políticas e Socioloxía, Xornalismo e Comunicación Audiovisual, así como Historia da arte e Literatura. No itinerario de Artes, o francés é clave para Belas Artes, Cinema, Deseño Gráfico e Moda, e Música e Teatro. En Ciencias e Tecnoloxía, o francés pode ser útil para estudos en universidades francófonas e en programas de investigación.

Os programas de mobilidade internacional, como Erasmus+, permiten facer estancias académicas en Francia, Bélxica ou Suíza. O Bachibac, que ofrece dobre titulación.

En Grao Medio, inclúese o Francés en Actividades Comerciais, Servizos en Restauración e Xestión Administrativa. En Grao Superior, destácase en Comercio Internacional, Xestión de Vendas e Espazos Comerciais, e Administración e Finanzas. Tamén en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos. E preveese ampliar a oferta do Francés en ciclos formativos.

Cursar a materia ofrece as opción de viaxes culturais ou intercambios realizadas polo centro así como obter o Diploma de Francés A2, B1, ou B2 a través do **programa CUALE** impartido no Frei Martín Sarmiento.

5. A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado? Ao xefe do Departamento de Francés.



Fundamentos Artísticos



A través da materia de **Fundamentos Artísticos**, o alumnado analizará obras de diversas disciplinas artísticas e as vinculará co proceso de creación artística. O estudo de Fundamentos artísticos permite ao alumnado construír un discurso argumentado e interpretar as creacións artísticas. Ademais, favorece que o alumnado desenvolva unha conciencia sensible cara ao patrimonio cultural e artístico.

QUE VOU APRENDER? DE QUE TRATA A MATERIA?

A materia de Fundamentos Artísticos está estruturada en torno tres eixos: por unha banda, a análise de producións artísticas ao longo da historia; todo iso asociado á época ou corrente estética na que as obras foron creadas. Por outro, o coñecemento das metodoloxías, as ferramentas de creación artística. Por último, a adquisición dunha conciencia sensible e de respecto cara ao patrimonio artístico e a cultura visual.

A materia de Fundamentos Artísticos está estruturada en **cinco bloques**:

Bloque 1. Os fundamentos da arte. **Bloque 2.** Visión, realidade e representación. **Bloque 3.** A arte clásica e as súas proxeccións. **Bloque 4.** Arte e expresión. **Bloque 5.** Natureza, sociedade e comunicación na arte.

Co fin de afondar nesta materia procuraranse realizar saídas a exposicións e museos de interese para o alumnado.

COMO ME VAN A AVALIAR?

Realizaranse dúas probas por avaliación. A media das probas suporán o 90% da nota da avaliación. O 10% da nota desta será a dos traballos e actividades. No redondeo terase en conta o progreso académico na materia e o traballo realizado ao longo do curso. O profesorado recollerá información de maneira permanente do proceso de ensino e de aprendizaxe do seu alumnado.

Realizaranse recuperacións despois de cada avaliación.

CON QUE ESTUDOS/ITINERARIOS SE RELACIONA ESTA MATERIA?

En todos os graos da **RAMA DE ARTES E HUMANIDADES** pondera 0,2:

Belas Artes, Deseño, Historia da Arte, Linguas Estranxeiras, Tradución e Interpretación, Xeografía e Historia, Xestión Cultural, Xestión Dixital da Información e Documentación...

En dous graos da **RAMA DE ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA** pondera 0,2 nos de Arquitectura Técnica e Estudos de Arquitectura.

En varios dos graos da **RAMA DE CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS** pondera 0,2 nos de:

Comunicación Audiovisual, Creación Dixital, Animación e Videoxogos, Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Publicidade e Relacións Públicas, Turismo, Xestión Industrial de Moda, Xornalismo,...

E en varios dos **DOBRES GRAOS E ABERTOS** tamén pondera 0,2:

Simultaneidade de estudos no grao de Turismo e Xeografía e Historia, Simultaneidade dos Graos de Comunic. Audiovisual e Xornalismo, Simultaneidade de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria,...

RESULTA ESPECIALMENTE INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR:

Un grado universitario relacionado coa arte (Belas Artes, Historia da arte, Arquitectura e Deseño) e o mundo audiovisual (Comunicación Audiovisual, Publicidade...). Escolas de Restauración, Artes e Oficios, Museoloxía...

Un ciclo formativo das Familias Profesionais de Artes gráficas (Deseño e produción editorial).

A QUEN TEN QUE SOLICITAR MÁIS INFORMACIÓN O ALUMNO INTERESADO?

A calquera dos membros do Departamento de Xeografía e Historia (Rosa Barreiro ou Pablo Sobral), mais concretamente á profesor da materia, Ana Dios.

Grego II

A materia de **Grego II** profundiza no estudo da lingua e da cultura grega antiga, ampliando os coñecementos adquiridos en Grego I. Non só permite perfeccionar a comprensión do grego clásico, senón que tamén afonda na análise dos textos máis relevantes, explorando as súas estruturas e a súa conexión co pensamento occidental.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

- ✓ Mellora na tradución e interpretación de textos clásicos, adquirindo maior fluidez e comprensión.
- ✓ Estudo da literatura grega con textos de autores como Homero, Sófocles, Eurípides, Aristóteles ou Platón.
- ✓ Análise da evolución da lingua grega, desde a súa forma antiga ata as influencias na lingua moderna.
- ✓ Reflexión sobre o impacto do pensamento grego na filosofía, na política e nas artes.
- ✓ Comparación do grego co latín e outras linguas europeas, identificando as raíces etimolóxicas comúns.

Esta materia axuda a comprender mellor a cultura grecolatina e proporciona unha base sólida para os estudos lingüísticos e humanísticos.

Que vou facer? Como me van avaliar? Durante o curso, levarás a cabo as seguintes actividades:

- Traducións máis avanzadas de textos gregos, con maior complexidade sintáctica.
- Estudo comparativo de obras literarias e filosóficas gregas.
- Investigacións sobre mitoloxía, historia e pensamento grego.
- Participación en proxectos sobre a influencia da Grecia antiga no mundo actual.

A avaliación terá en conta:

- A precisión e fluidez nas traducións realizadas.
- A capacidade de análise e interpretación de textos literarios.
- A participación en debates e traballos sobre cultura clásica.
- O esforzo e progreso na adquisición da lingua e dos coñecementos históricos.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia de Grego II está estreitamente relacionada cos seguintes itinerarios: Lingua e Literatura., Humanidades e Ciencias Sociais, Historia e Filosofía, Xornalismo e Comunicación, Filoloxía Clásica e Tradución.

En canto ás saídas profesionais, o dominio do grego pode facilitar oportunidades en docencia e investigación en linguas clásicas e historia antiga, tradución e interpretación de textos históricos e filosóficos, xornalismo e divulgación cultural, especialmente en ámbitos históricos e lingüísticos, arqueoloxía e estudos da Antigüidade, Filoloxía e lingüística, analizando as raíces e evolución das linguas europeas.

A materia de Grego II é fundamental para aqueles estudantes interesados en afondar na cultura clásica e nas súas implicacións na sociedade actual, mantendo vivo un legado cultural de inmenso valor.

Se precisas máis información sobre esta materia, consulta co xefe do Departamento de Latín.



Historia da Arte



INTRODUCCIÓN

A materia de Historia da Arte pretende ofrecer unha visión global das diferentes etapas artísticas que ao longo da historia marcaron a evolución da pintura, a escultura e a arquitectura. Dita materia ao mesmo tempo analiza o contexto histórico no que se desenvolveron os diversos momentos artísticos.

QUE VOU APRENDER? DE QUE TRATA A MATERIA?

Nesta materia estúdanse as principais obras de cada etapa artística, os seus autores e o contexto histórico no que foron realizadas. Cada obra de arte é produto do período histórico no que foi realizada. Ademais, o alumnado adquirirá o vocabulario específico da disciplina artística que lle permitirá comprender a obra de arte en todas as súas dimensións: formal, estilística, espacial, histórica, iconolóxico e iconográfico.

O temario está dividido en 5 grandes bloques que engloban os movementos artísticos desde a arte Clásica de Grecia ata a segunda metade do século XX. A materia permite ó alumnado entender as obras de arte na súa globalidade. Co fin de aprofundar nesta materia procuraranse realizar **saídas a exposicións e museos** de interese para o alumnado.

COMO ME VAN AVALIAR?

Realizaranse dúas probas por avaliación. A media das probas suporán o 90% da nota da avaliación. O 10% da nota desta será a dos traballos e actividades. No redondeo terase en conta o progreso académico na materia e o traballo realizado ao longo do curso. O profesorado recollerá información de maneira permanente do proceso de ensino e de aprendizaxe do seu alumnado.

Realizaranse recuperacións despois de cada avaliación.

CON QUE ESTUDOS/ITINERARIOS SE RELACIONA ESTA MATERIA?

En todos os graos da **RAMA DE ARTES E HUMANIDADES** pondera 0,2: Belas Artes, Deseño, Historia da Arte, Linguas Estranxeiras, Tradución e Interpretación, Xeografía e Historia, Xestión Cultural, Xestión Dixital da Información e Documentación...

En dous graos da **RAMA DE ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA** pondera 0,2: Arquitectura Técnica e Estudos de Arquitectura.

En varios dos graos da **RAMA DE CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS** pondera 0,2: Comunicación Audiovisual, Creación Dixital, Animación e Videoxogos, Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Publicidade e Relacións Públicas, Turismo, Xestión Industrial de Moda, Xornalismo,...

E en varios dos **DOBRES GRAOS E ABERTOS** tamén pondera 0,2: Simultaneidade de estudos no grao de Turismo e Xeografía e Historia, Simultaneidade dos Graos de Comunic. Audiovisual e Xornalismo, Simultaneidade de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria,...

RESULTA ESPECIALMENTE INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR: Un grado universitario relacionado coa arte (Belas Artes, Historia da arte, Arquitectura e Deseño), as Humanidades (Historia, Humanidades, Filoloxía...), o mundo audiovisual (Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade...), Turismo. Estudos de Conservatorio (Coreografía, Pedagogía da Danza, Dirección e Interpretación), Escolas de Restauración, Artes e Oficios, Museoloxía...

Un ciclo formativo das Familias Profesionais de Artes gráficas (Deseño e produción editorial), Comunicación, Imaxe e Son (Imaxe, Produción de Audiovisuais, Realización de Audiovisuais), Hostalería e Turismo (Información e comercialización turísticas).

A QUEN TEN QUE SOLICITAR MÁIS INFORMACIÓN O ALUMNO INTERESADO?

A calquera dos membros do Departamento de Xeografía e Historia (Rosa Barreiro ou Pablo Sobral), mais concretamente á profesora da materia, Ana Dios.

J. Martín Sarmiento

Latín II

Introdución

A materia de **Latín II** profundiza no estudo da lingua e da cultura da antiga Roma, permitindo aos estudantes adquirir un maior dominio da estrutura gramatical, a tradución e a interpretación de textos clásicos. Ademais, ofrece unha visión máis completa sobre a influencia do latín nas linguas romances e na cultura occidental.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

- ✓ Perfeccionamento da tradución de textos latinos, adquirindo maior precisión e profundidade na análise.
- ✓ Estudo avanzado da literatura latina, explorando obras de autores como Cicerón, Virgilio, Horacio ou Séneca.
- ✓ Análise da estrutura gramatical latina, comprendendo a sintaxe e os usos estilísticos.
- ✓ Estudo da evolución histórica do latín, desde a Roma clásica ata a súa influencia nas linguas modernas.
- ✓ Reflexión sobre o impacto do pensamento romano na política, na filosofía e na sociedade actual.

Esta materia contribúe a unha comprensión global da cultura clásica e proporciona ferramentas lingüísticas que enriquecen o coñecemento das linguas romances.

Que vou facer? Como me van avaliar?

- Traducións máis complexas de textos latinos, con maior énfase na interpretación e no contexto histórico.
- Análise crítica de obras literarias e filosóficas romanas.
- Traballos sobre a influencia do latín no galego e noutras linguas europeas.
- Investigacións sobre aspectos históricos, sociais e culturais de Roma.

A **avaliación** terá en conta:

- A precisión e fluidez nas traducións realizadas.
- A capacidade de análise e interpretación de textos literarios.
- A participación en debates e proxectos sobre a cultura romana.
- O esforzo e progresión na adquisición de coñecementos lingüísticos e históricos.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia de Latín II está estreitamente relacionada cos seguintes itinerarios: Lingua e Literatura, Humanidades e Ciencias Sociais, Historia e Filosofía, Dereito e Ciencias Políticas, Xornalismo e Comunicación.

En canto ás saídas profesionais, o dominio do latín pode facilitar oportunidades en:

- Docencia e investigación en linguas clásicas e historia antiga.
- Tradución e interpretación de textos históricos e filosóficos.
- Xornalismo e divulgación cultural, especialmente en ámbitos históricos e lingüísticos.
- Arqueoloxía e estudos da Antigüidade.
- Dereito, xa que moitos termos xurídicos teñen orixe latina.

A materia de Latín II é fundamental para aqueles estudantes que desexan profundizar no estudo das linguas clásicas e comprender mellor o seu impacto na sociedade actual, proporcionando unha base sólida para futuras especializacións en humanidades

Se precisas máis información, consulta co xefe do Departamento de Latín.

J. Martín Sarmiento



Historia da Música e da Danza

LA MÚSICA EN EL SIGLO XX

CONTEXTO CULTURAL: periodo en el que los cambios y las novedades en el mundo del arte se van a dar con gran velocidad. Los cambios y las tendencias se suceden de forma acelerada. Estamos ante una época de replanteamiento estético y formal del arte. Todos los movimientos que surjan tendrán un nexo común: el deseo de ruptura con el pasado.

CONTEXTO MUSICAL: la música, cuyos recursos tradicionales habían sido explotados hasta la saciedad por los autores románticos, busca abrirse nuevos caminos y romper con el pasado. Gran cantidad de estilos vanguardistas musicales se irán yuxtaponiendo en el transcurso del siglo en busca de la novedad y la experimentación.

IMPRESIONISMO

- La melodía se fragmenta, se pierde la cuadratura de las frases y no se aprecian con claridad las cadencias.
- Presenta cambios rítmicos constantes.
- Se utilizan los modos griegos antiguos y escalas exóticas como la pentatónica o la de tonos enteros.
- Con acordes independientes sin una tonalidad definida que crean un efecto de impresión.
- La composición se organiza con formas libres.

EXPRESIONISMO

- El tema principal del Expresionismo es el hombre y su vivencia interior llena de conflictos y temores, que muestra una realidad marcada por el dolor y la angustia.
- Uso constante de disonancias que producen una tensión continua, sin momentos de reposo.
- Utilización de un sistema atonal, que rompe con todas las reglas tradicionales de organización melódica y armónica.
- Pérdida del concepto de melodía en favor de un canto recitado, que tiene como objetivo la expresión violenta y agresiva del texto.
- Obras para pequeñas formaciones de cámara, en las que cada instrumento tiene el papel de solista.

NEOCLASICISMO

- Vuelta a la claridad formal del Clasicismo
- Rechazo a una concepción expresiva de la música cargada de significados subjetivos.
- Se vuelve al cultivo de las formas y géneros clásicos.
- Busca una nueva sencillez, ya que aspira a devolver a las obras musicales la comprensibilidad y el placer para el oído.
- Recuperan la tonalidad clásica.

Historia da Música e da Danza é unha materia de segundo de Bacharelato que complementa e contextualiza o estudo e da evolución da linguaxe musical e dos xéneros da música escrita europea. Non é preciso cursar Análise Musical para cursar con aproveitamento a materia.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.



Literatura dramática



Literatura dramática é unha materia que se imparte en 2º de Bacharelato, na modalidade de Artes escénicas. É unha materia fundamentalmente práctica na que se traballa a lectura dramatizada de grandes obras da historia do teatro. A lectura compartida das obras na aula, baixo a supervisión do profesor, xera unha infinidade de oportunidades para o intercambio de xuízos e perspectivas e para seguir lendo e investigando os distintos aspectos (de carácter temático, lingüístico, pragmático, de posta en escena, etc.) que a conforman. Esta retroalimentación dos procesos de lectura ofrece un camiño enriquecedor para a configuración dos alumnos e alumnas como lectores e escritores de literatura, como público teatral e cultural, potenciando ademais o seu desenvolvemento na competencia de comunicación lingüística.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas competencias.


Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

Matemáticas II

As Matemáticas resultan esenciais en calquera área dos ámbitos científico e tecnolóxico.

Na materia de **Matemáticas II** preténdese preparar aos estudantes para facer fronte aos retos da sociedade, recoñecendo situacións problemáticas cotiás que poden ser modeladas e resoltas botando man dos coñecementos matemáticos e usando de forma efectiva as ferramentas tecnolóxicas que estean ao seu alcance.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Afondarase no estudo e aplicacións do Cálculo Diferencial e abordaranse novos retos coa Álgebra Lineal, a Xeometría no Espazo e o Cálculo de Probabilidades; todo isto enfocado á preparación e superación das PAU e a garantir o éxito para o ingreso na Universidade ou na Formación Profesional Superior.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizaranse actividades variadas fomentando, na medida do posible, a utilización de ferramentas dixitais e software matemático específico, evitando as aprendizaxes memorísticas, traballando a resolución razoada e argumentada de problemas e aprendendo a comunicar e representar a información de forma rigorosa.

A avaliación levarase a cabo con probas escritas e online. A cualificación dividirase nun 90% para os exames e un 10% para outras actividades avaliábeis presenciais e/ou online.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

As Matemáticas II están dirixidas ao alumnado que desexe realizar, despois do bacharelato, calquera Ciclo Formativo Superior ou Grao Universitario das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, e Ciencias Xurídicas e Sociais. Na actualidade, para acceder a un Grao no sistema universitario galego, as Matemáticas II teñen ponderación máxima para case o 70% das titulacións.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Para ampliar esta información ou consultar dúbidas podes dirixirte ao profesorado do Departamento de Matemáticas ou



Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II

Os eixes principais dos obxectivos de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais son a comprensión efectiva de conceptos e procedementos matemáticos xunto coas actitudes propias do quefacer matemático, que permiten construír unha base conceptual sólida a partir da resolución de problemas, do razoamento e da investigación matemática, especialmente enfocados á interpretación e análise de cuestións da vida cotiá e das ciencias sociais.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Afondarase no estudo e aplicacións do Cálculo Diferencial e abordaranse novos retos coa Álgebra Lineal, a Estatística e a Probabilidade, todo isto enfocado á preparación e superación das PAU e a garantir o éxito para o ingreso na Universidade ou na Formación Profesional Superior.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizaranse actividades variadas fomentando a utilización de ferramentas dixitais e software matemático específico, e aínda que existirá unha base teórica, o desenvolvemento das clases será fundamentalmente práctico, resolvéndose problemas e exercicios de forma razoada e argumentada, e requiríndose un certo rigor á hora de representar e comunicar os resultados obtidos.

A avaliación levarase a cabo con probas escritas e online. A cualificación dividirase nun 90% para os exames e un 10% para outras actividades avaliáveis presenciais e/ou online.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

As Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais están dirixidas ao alumnado que desexe realizar, despois do bacharelato, calquera Ciclo Formativo Superior ou Grao Universitario da rama de Ciencias Xurídicas e Sociais e algúns das ramas de Artes e Humanidades e Ciencias da Saúde.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?


Para ampliar esta información ou consultar dúbidas podes dirixirte ao profesorado do Departamento de Matemáticas ou



J. Martín Sarmiento

Métodos Estadísticos e Numéricos

Materia optativa que se pode cursar en calquera das modalidades de bacharelato e na que se proporcionan ferramentas para a creación de modelos no estudo de diferentes fenómenos. A Estatística está consolidada como unha ferramenta necesaria para o desenvolvemento de multitude de disciplinas e tamén para a interpretación e a comprensión de diversos aspectos da vida cotiá.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Traballaranse conceptos e procedementos matemáticos de probabilidade, inferencia estatística, programación lineal, métodos numéricos e integración numérica, que xunto coas actitudes propias do quefacer matemático, nos permitan construír unha base conceptual sólida a partir da resolución de problemas, do razoamento e da investigación matemática, especialmente enfocados á interpretación e á análise de cuestións da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizaranse actividades variadas utilizando ferramentas dixitais e software matemático específico, e aínda que existirá unha base teórica, as clases serán fundamentalmente prácticas, resolvéndose problemas e exercicios de forma razoada e argumentada, realizando traballos de investigación e requiríndose un certo rigor á hora de representar e comunicar os resultados obtidos.

A avaliación levarase a cabo empregando táboas de cotexo, probas escritas e online e a realización de traballos de investigación. A cualificación dividirase nun 40% para os exames e un 60% para as demais actividades avaliáveis.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Materia fundamental para o alumnado que desexe presentarse ás probas PAU coas Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II. A nivel universitario a Estatística Matemática aparece en practicamente todos os plans de estudos das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde e Ciencias Xurídicas e Sociais.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Para ampliar esta información ou consultar dúbidas podes dirixirte ao profesorado do Departamento de Matemáticas ou





Psicoloxía



A Psicoloxía é unha ferramenta para o autocoñecemento e a comprensión do mundo que nos rodea. Esta materia é unha oportunidade para conectar contigo mesmo e cos demais, e para entender que detrás de cada comportamento hai unha historia, unha motivación, un mundo interior. Coñecer como funciona a mente abre o mundo ante ti dun xeito completamente novo.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Mergullaraste nas dinámicas do pensamento, da emoción e do comportamento humano, explorando preguntas fascinantes como: Que nos motiva? Por que sentimos o que sentimos? Como influímos os uns nos outros?...

Estudarás temas como a memoria, o desenvolvemento da personalidade, a influencia social ou como mellorar a túa intelixencia emocional. Descubrirás os segredos dos métodos de investigación psicolóxica, os grandes experimentos que pasaron á historia ou como se deseñan as probas e test de personalidade, mentres desenvolves habilidades como o pensamento crítico e a empatía. Ademais, comprenderás os fundamentos de teorías icónicas de grandes pensadores como Freud, Skinner ou Gardner, aplicándoas á vida real.

Que vou facer? Como me van avaliar?

A materia avaliarase a través dos traballos de investigación (onde o alumnado analizará temas como a aprendizaxe, o comportamento en masa ou os mecanismos de defensa), o traballo na aula e a resolución de probas sinxelas de comprensión e aplicación dos contidos teóricos coas que se conectará teoría e práctica.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia de Psicoloxía está profundamente conectada cos itinerarios de Ciencias Sociais e Ciencias da Saúde. Relaciónase con estudos como Medicina, Socioloxía, Pedagogía, Filosofía, Traballo Social e, por suposto, co Grao en Psicoloxía. Ademais, complementa carreiras relacionadas coa educación, a comunicación e as ciencias do comportamento humano.

En canto ás saídas profesionais, a súa versatilidade abre portas en ámbitos diversos como a orientación laboral, os recursos humanos, a mediación en conflitos, a educación social, os coidados, o *marketing* ou incluso o deseño de experiencias de usuario no sector tecnolóxico.

O alumnado interesado poderá solicitar máis información no departamento de Filosofía.

Técnicas de Expresión gráfico-plástica



1. Introducción

Gustaríache afondar no coñecemento das diferentes técnicas artísticas tradicionais e actuais? Queres mellorar as túas competencias artísticas, comunicativas e expresivas en debuxo, pintura, gravado ou empregando técnicas dixitais? A materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica en 2º de Bacharelato ofrécete a oportunidade de **afondar no traballo coas diferentes técnicas artísticas, desenvolvendo a túa creatividade e expresión persoal.**

2. Que vou aprender? De que trata esta materia?

Traballarás con conceptos como **forma, textura, cor ou composición, experimentando coas técnicas e procedementos tradicionais e contemporáneos** na busca do dominio das mesmas para acadar unha **linguaxe artística propia**. Planificarás e desenvolverás proxectos gráfico-plásticos. Coñecerás a **historia e evolución no uso dos materiais e analizarás e valorarás de xeito crítico obras artísticas e traballos propios ou alleos.**

3. Que vou facer? Como me van avaliar?

Experimentarás con **técnicas secas e húmidas de debuxo e pintura**, realizarás obras de **estampado con diferentes técnicas de gravado**, traballarás con **programas informáticos de ilustración, analizarás obras propias e alleas** afondando no uso dos diferentes materiais e procedementos artísticos, mellorarás a túa **capacidade creativa, comunicativa e de expresión das túas emocións, reforzarás as destrezas necesarias noutras materias como Debuxo Artístico.**

4. Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Belas Artes, Conservación e Restauración de Bens Culturais, Ilustración, Comunicación Gráfica, Artes Aplicadas, Deseño, Arte Dixital, Arquitectura, Arte terapéutica, etc.

Para máis información, pregunta por Belén ou Tatiana, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.



Tecnoloxía e Enxeñería

Introdución

Vivimos nun mundo en constante cambio no que a tecnoloxía e a enxeñaría xogan un papel fundamental. Esta materia axúdache a comprender como se crean, melloran e aplican as solucións técnicas que transforman a sociedade: desde un móbil ata unha ponte, desde as enerxías renovables ata os sistemas intelixentes. Abrirache as portas a: detectar problemas, buscar solucións eficaces, traballar en equipo e aplicar os coñecementos de forma creativa.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

A materia trata de comprender e aplicar os fundamentos da tecnoloxía e a enxeñaría. Aprenderás a:

- analizar como funcionan os sistemas técnicos reais (máquinas, estruturas, circuitos...).
- deseñar solucións usando ferramentas dixitais, software de modelado e simulación.
- utilizar materiais e coñecer as súas propiedades para elixir os máis axeitados.
- analizar sistemas eléctricos, electrónicos, neumáticos ou de programación e control.

Que vou facer? Como me van avaliar?

A materia combina a **base teórica** e **aplicación práctica** para que as domines con soltura, entre outros:

- ensaios de materiais,
- estruturas resistentes,
- electricidades e electrónica,
- sistemas neumáticos e hidráulicos.

A avaliación terá en conta:

- O teu traballo nos proxectos: deseño, montaxe, programación e presentación.
- A comprensión dos contidos teóricos aplicados. Non olvides que neste curso terás a opción de presentarte ás probas da ABAU.
- A participación activa e o traballo colaborativo.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia está especialmente pensada para o alumnado do **itinerario de Ciencias e Tecnoloxía**, e serve como preparación para estudos como:

Graos universitarios:

- Enxeñarías (Industrial, Informática, Aeroespacial, Enerxía, Robótica, Telecomunicacións...)
- Arquitectura, Deseño Industrial, Física, Matemáticas...

Formación Profesional:

- Ciclos de Electrónica, Automatización, Mecatrónica, Enerxías renovables, Deseño de produtos...

Saídas profesionais:

- Enxeñaría e desenvolvemento de produtos: Robótica, impresión 3D, intelixencia artificial
- Instalación e mantemento de sistemas técnicos
- Desenvolvemento sostible e eficiencia enerxética

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

- Xefe/a do Departamento de Tecnoloxía do IES Frei Martín Sarmiento
- Orientador/a do centro
- Profesores/as de Tecnoloxía actuais



TICS II

Introdución

En **Tecnoloxías da Comunicación e da Información II** pasarás de ser un simple usuario das tecnoloxías dixitais a **dominalas de forma activa**. A materia ofrécete as ferramentas para entender o funcionamento dos dispositivos e redes que usamos a diario, permitiéndote **crear, programar e manexarte con seguridade** no ecosistema dixital. O obxectivo é que desenvolvas habilidades técnicas e críticas para aproveitar as TIC dun xeito máis **creativo, eficaz e seguro**.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia aprenderás a:

- Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan problemas reais.
- Usar ferramentas para crear páxinas web, xestionar datos e automatizar tarefas.
- Programar aplicacións básicas para ordenador, móbil ou web.
- Crear e editar vídeos, imaxes e contidos multimedia, aplicando técnicas de linguaxe audiovisual.

□ Que vou facer? Como me van avaliar?

Vas traballar en proxectos prácticos onde aplicarás todo o aprendido:

- Crearás páxinas web e aplicacións
- Diseñarás vídeos e contidos audiovisuais
- Automatizarás tarefas con follas de cálculo e bases de datos

A avaliación baséase no teu traballo práctico, tanto individual como en equipo. Teranse en conta:

- A resolución de retos mediante o uso das TIC
- A calidade, creatividade e o dominio técnico dos teus proxectos e presentacións
- A túa actitude colaborativa e o respecto polas normas de seguridade e propiedade intelectual

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Relacionada co **itinerario de Ciencias e Tecnoloxía**, é útil para:

Graos universitarios:

- Enxeñaría Informática, Telecomunicacións, Multimedia, Audiovisual
- Deseño Gráfico, Publicidade, Comunicación Audiovisual
- Matemáticas, Estatística, Big Data...

Formación Profesional:

- Desenvolvemento de aplicacións, Administración de sistemas, Animación 3D, Audiovisual...

Saídas profesionais:

- Desenvolvedor/a de software, apps ou contidos multimedia
- Técnico/a de sistemas ou redes, márketing dixital ou redes sociais
- Especialista en ciberseguridade ou big data

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Se tes interese nesta materia ou queres resolver dúbidas, podes consultar:

- Xefe/a do Departamento de Tecnoloxía do IES Frei Martín Sarmiento
- Orientador/a do centro
- Profesores/as de Tecnoloxía actuais





Xeografía



A xeografía de 2º de Bacharelato fomenta a conciencia ambiental e a comprensión dos desafíos globais, como o cambio climático e a sustentabilidade. Os estudantes aprenden a analizar e interpretar a realidade xeográfica, utilizando ferramentas como mapas, gráficos e datos estatísticos.

QUE VOU APRENDER? DE QUE TRATA A MATERIA?

Na materia estúdase: o medio físico, a diversidade das paisaxes e ecosistema; a diversidade climática; o tempo; a biodiversidade, os solos, as rede hídrica de España e Galicia; as políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea; a poboación, os espazos urbanos, as actividades económicas, así como a localización e situación xeográfica de España no mundo e en Europa e a súa posición relativa en diferentes indicadores socioeconómicos; a organización administrativa de España, e, estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Visto desde unha óptica integradora, é dicir, desde as relacións que cada un destes aspectos teñen cos demais, desde unha óptica práctica e competencial.

Que vou facer?

Recoñecer as paisaxes españolas desde todos os puntos de vista posibles.

Analizar mapas, gráficos, infografías, ortofotos, warming stripes, proxección Spilhaus, macrocefalia urbana...

COMO ME VAN AVALIAR?

- Probas escritas (exames), unha ou dúas por trimestre nas que o alumnado debe contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas. Ponderarán o 90% da nota. Se houbese dúas, farase media aritmética entre as dúas probas de cada trimestre

- Probas escritas prácticas que se realicen por trimestre ponderarán un 10% na nota.

- En todas as preguntas (exames e probas prácticas) valorarase a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, penalizando ata un 10% da nota de cada proba (exame, probas prácticas) o non cumprimento destes criterios.

CON QUE ESTUDOS/ITINERARIOS SE RELACIONA ESTA MATERIA?

Na maioría dos graos da **RAMA DE ARTES E HUMANIDADES** pondera **0,2**:

Español: Estudos Lingüísticos e Literarios, Filosofía, Galego e Portugués; Historia da Arte, Inglés: Xeografía e Historia, Xestión Cultural,...

Nun grao da **RAMA DE ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA** pondera 0,2 no de Paisaxe.

En varios dos graos da **RAMA DE CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS** pondera 0,2 : Administración e Dirección de Empresas, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencia Política e da Administración, Ciencias Empresariais, Comercio, Dirección e Xestión Pública, Economía, Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Empresa e Tecnoloxía, Pedagogía, Relacións Internacionais, Turismo, Xeografía e Ordenación do Territorio,...

E en varios dos **DOBRES GRAOS E ABERTOS** tamén pondera 0,2: Simultaneidade de estudos no grao de Turismo e Xeografía e Historia, Simultaneidade de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria,...

RESULTA ESPECIALMENTE INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR: Profesor de xeografía e historias, mestre infantil, primaria ou social, xeografía e ordenación do territorio, recursos humanos, relacións laborais, relacións internacionais, turismo, traballo social, pedagogía, filosofía, filoloxía, tradución e interpretación, dirección e xestión pública, comercio, ciencias empresariais, xestión e arquitectura de paisaxe, xestión cultural, ciencias xurídicas e sociais, ciencias da actividade física e o deporte, dobres graos...

A QUEN TEN QUE SOLICITAR MÁIS INFORMACIÓN O ALUMNO INTERESADO?

Ao departamento de xeografía e historia, en concreto á profesora Rosa María Barreiro Bouzas, pero tamén a Ana Dios ou Pablo Sobral

J. Martín Sarmiento



Xeoloxía



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia afondarás na estrutura da Terra, a tectónica de placas e a xeodinámica interna. Estudarás os procesos xeolóxicos externos, a mineraloxía e a petroloxía. Tamén analizarás as capas fluídas da Terra e a xestión sustentable dos recursos naturais.

Que vou facer? Como me van avaliar?

As explicacións alternaranse con prácticas de laboratorio, traballos de campo e actividades centradas na indagación, comprensión e expresión dos conceptos para adquirir as competencias clave.

Criterios de cualificación: probas escritas (90%), actividades (10%).

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Esta materia está relacionada con Xeoloxía, Ciencias Ambientais, Enxeñaría Civil e Minaría, Enxeñaría Ambiental e Arquitectura (a ponderación en Arquitectura pode ser de 0,1 ou 0,2). Consultar táboa de ponderacións.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Para máis información, podes consultar á profesora Chus, ao profesorado de Bioloxía e Xeoloxía ou ao equipo de Orientación.

J. Martín Sarmiento

**PARÁMETROS DE PONDERACIÓN DE MATERIAS TRONCAIS DE MODALIDADE E MATERIAS DE OPCIÓN DA PROBA DE ACCESO Á
UNIVERSIDADE PARA OS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA
ACCESO AO CURSO 2027 – 2028**

RAMA	GRAO		Artes escénicas II	Bioloxía	Debuxo técnico II	Deseño	Empresa e deseño de modelos de negocio	Física	Fundamentos artísticos	Grego II	Historia da arte	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Xeografía	Xeoloxía e ciencias ambientais	2ª Lingua estranxeira II	Ciencias xerais	Tecnoloxía e enxeñaría II	Debuxo artístico II	Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño II	Técnicas de expresión gráfico-plástica	Coro e técnica vocal II	Análise musical II	Historia da música e da danza	Literatura dramática	Movementos culturais e artísticos	
ARTES E HUMANIDADES	Belas Artes	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	
	Deseño	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,1	0	0	0	0	0,1	
	Filoloxía Aplicada Galega e Española	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1	0,1	0,1	
	Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,1	
	Filoloxía Clásica	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,1	
	Filosofía	0,1	0,2	0,1	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0,2
	Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1	
	Historia	0,1	0	0	0	0,1	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0	0,1	
	Historia da Arte	0,1	0	0,1	0,1	0,1	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0	0,2
	Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1
	Lingua e Literatura Españolas	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,1
	Lingua e Literatura Galegas	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1
	Lingua e Literatura Inglesas	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1
	Linguas e Literaturas Modernas	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1
	Linguas Estranxeiras	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1	0,1	0,1
	Tradución e Interpretación	0,1	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1
	Xeografía e Historia	0,1	0	0	0,1	0,1	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,2	0,1	0,2
	Xestión Cultural	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Xestión Dixital da Información e Documentación	0,1	0	0	0,1	0,1	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0,2	0,1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1

**PARÁMETROS DE PONDERACIÓN DE MATERIAS TRONCAIS DE MODALIDADE E MATERIAS DE OPCIÓN DA PROBA DE ACCESO Á
UNIVERSIDADE PARA OS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA
ACCESO AO CURSO 2027 – 2028**

RAMA	GRAO	Bioloxía	Física	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Ciencias xerais	Empresas e deseño de modelos de negocio	Coro e técnica vocal II
CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermaría	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Farmacia	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0
	Fisioterapia	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0
	Logopedia	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2
	Medicina	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Nutrición Humana e Dietética	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Odontoloxía	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Óptica e Optometría	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Podoloxía	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Psicoloxía	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0
	Terapia Ocupacional	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0
	Veterinaria	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0

RAMA	GRAO	Bioloxía	Debuxo técnico II	Física	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Xeoloxía e ciencias ambientais	Ciencias xerais	Tecnoloxía e enxeñaría II
CIENCIAS	Bioloxía	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0
	Biotechnoloxía	0,2	0	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0,1
	Bioquímica	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0	0	0
	Ciencias Ambientais	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Ciencias do Mar	0,2	0	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0
	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Física	0,2	0	0,2	0,2	0	0,2	0,1	0	0,2
	Matemáticas	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2
	Nanociencia e Nanotecnoloxía	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0	0
	Química	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0	0

PARÁMETROS DE PONDERACIÓN DE MATERIAS TRONCAIS DE MODALIDADE E MATERIAS DE OPCIÓN DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA OS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA ACCESO AO CURSO 2027 – 2028

RAMA	GRAO	Artes escénicas II	Bioloxía	Debuxo técnico II	Deseño	Empresa e deseño de modelos de negocio	Física	Fundamentos artísticos	Historia da arte	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Xeografía	Xeoloxía e ciencias ambientais	Ciencias xerais	Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño	Tecnoloxía e enxeñaría II	Debuxo artístico II	Técnicas de expresión gráfico-plástica	2ª lingua estranxeira II
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Arquitectura Técnica	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0
	Ciencia e Enxeñaría de Datos	0	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Aeroespacial	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,1	0	0	0
	Enxeñaría Agraria	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Biomédica (tamén PCEOs)	0	0,2	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,1	0	0	0
	Enxeñaría Civil	0	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría da Automoción con mención dual	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría da Enerxía	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría de Obras Públicas	0	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,1	0	0	0
	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	0	0	0,1	0	0	0,2	0	0	0,2	0	0,1	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Eléctrica	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0,1	0,2	0	0	0
	Enxeñaría en Organización Industrial	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría en Química Industrial	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Forestal	0	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	0	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Informática	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Mecánica	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Enxeñaría Naval e Oceánica	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,1	0	0	0
	Enxeñaría Química	0	0,1	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Estudos de Arquitectura	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0	0	0,1	0	0	0
	Intelixencia Artificial	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Máquinas Navais	0	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,1	0	0	0
	Náutica e Transporte Marítimo	0	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,1	0	0	0
	Paisaxe	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0	0	0,1	0	0	0
	Robótica	0	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0,1	0	0	0	0	0,2	0	0	0
	Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	0	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0,2	0	0	0

PARÁMETROS DE PONDERACIÓN DE MATERIAS TRONCAIS DE MODALIDADE E MATERIAS DE OPCIÓN DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA OS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

ACCESO AO CURSO 2027 – 2028

RAMA	GRAO	Artes escénicas II	Bioloxía	Debuxo técnico II	Deseño	Empresa e deseño de modelos de negocio	Física	Fundamentos artísticos	Grego II	Historia da arte	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Xeografía	Xeoloxía e ciencias ambientais	2ª Lingua estranxeira II	Ciencias xerais	Tecnoloxía e enxeñaría II	Debuxo artístico II	Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño II	Técnicas de expresión gráfico-plástica	Coro e técnica vocal II	Análise musical II	Historia da música e da danza	Literatura dramática	movementos culturais e artísticos	
CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS	Administración e Dirección de Empresas	0	0,2	0	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
	Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,2	0,2	0	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0,1	0,1	0	0	
	Ciencia Política e da Administración	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	
	Ciencias Empresariais	0	0,2	0	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
	Comercio	0	0	0	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
	Comunicación Audiovisual	0,2	0	0	0,2	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,1
	Creación Dixital, Animación e Videoxogos	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0,1
	Criminoloxía	0	0,1	0	0	0,1	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0	0	0	0,2	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
	Dereito	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,1	0	0,1	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
	Dirección e Xestión Pública	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	
	Economía	0	0,2	0	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
	Educación Infantil	0,1	0,2	0,1	0,1	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Educación Primaria	0,1	0,2	0,1	0,1	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Educación Social	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Empresa e Tecnoloxía	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0	0	0,1	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
	Mestre en Educación Infantil	0,1	0,2	0,1	0,1	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2	0,1	0,1	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Pedagogía	0,1	0,2	0	0,2	0,1	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0,1	0	0	0	0	0	0,1	0,1	0,2
	Publicidade e Relacións Públicas	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0,1	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2
	Relacións Internacionais	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1
	Relacións Laborais e Recursos Humanos	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Socioloxía	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1
	Traballo Social	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1
	Turismo	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1
	Xeografía e Ordenación do Territorio	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0	0,1
	Xestión de Empresas Hostaleiras	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,1	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1
	Xestión Industrial de Moda	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2	0,2	0,1	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Xornalismo	0,2	0	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0,1	0,1	0	0	0	0	0,2

PARÁMETROS DE PONDERACIÓN DE MATERIAS TRONCAIS DE MODALIDADE E MATERIAS DE OPCIÓN DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA OS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA ACCESO AO CURSO 2027 – 2028

	DOBRES GRAOS E ABERTOS	Artes escénicas II	Bioloxía	Debuxo técnico II	Deseño	Empresa e deseño de modelos de negocio	Física	Fundamentos artísticos	Grego II	Historia da arte	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Xeografía	Xeoloxía e ciencias ambientais	2ª Lingua estranxeira II	Ciencias xerais	Tecnoloxía e enxeñaría II	Debuxo artístico II	Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño II	Técnicas de expresión gráfico-plástica	Coro e técnica vocal II	Análise musical II	Historia da música e da danza	Literatura dramática	Movements culturais e artísticos
SIMULTANEIDADES: DOBRES GRAOS E GRAOS ABERTOS	Simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito	0	0,2	0	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade de estudos no grao de Turismo e Xeografía e Historia	0,1	0	0	0,1	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0,1	0,2	0,1	0,2
	Simultaneidade en Grao en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade en Grao en Informática e Grao en Intelixencia Artificial	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade en Grao en Enxeñaría Agraria e Grao en Ciencias Ambientais	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade en Grao en Enxeñaría Agraria e Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0,2	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	PCEO Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática	0	0,2	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	PCEO Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica	0	0,2	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	PCEO Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade dos Graos de Comunic. Audiovisual e Xornalismo	0,2	0	0,1	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2
	Simultaneidade dos Graos de Dereito e Relacións Laborais	0	0	0	0	0,2	0	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade dos Graos de Enx. Informática e Matemáticas	0	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade dos Graos de Matemáticas e Física	0	0,2	0,2	0	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0,1	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade dos Graos de Química e Bioloxía	0	0,2	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0	0,2	0	0,1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade dos Graos de Química e Física	0	0,2	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0	0,1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade de estudos no Grao de Farmacia e Óptica e Optometría	0	0,2	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2	0,1	0,1	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Simult. dos Graos de Enx. Agrícola e Agroaliment. e Enx. Forestal	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Grao aberto USC Enxeñarías pola USC	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0,2
	Simultaneidade dos Graos de Ciencias Empresariais e Turismo	0	0,2	0	0	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1
	Simultaneidade dos Graos de Español e Galego e Portugués	0,2	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,1
	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Español	0,2	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,2	0,1
	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Galego e Portugués	0,2	0	0	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0,1	0,1
	Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade dos Graos de Enx. Mecánica e Enx. Naval e Oceánica	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Simultaneidade do Grao en Informática e o Grao en Ciencia e Enxeñaría de datos	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0	0	0,2	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0
	Grao Aberto en Enxeñaría Industrial	0	0	0,2	0	0,1	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0,2	0	0	0	0	0,2	0	0	0	0	0	0	0	0